

Anteproxecto de Lei de Ordenación do Comercio
Interior de Galiza

Índice :

- **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

- **TÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS**
 - **CAPÍTULO I. Obxecto e ámbito de aplicación**
 - Artigo 1. Obxecto
 - Artigo 2. Ámbito de aplicación
 - Artigo 3. Principios reitores

 - **CAPÍTULO II. Da actividade comercial**
 - Artigo 4. Concepto e clases
 - Artigo 5. Condicións xerais para o exercicio da actividade comercial
 - Artigo 6. Prohibicións e restricións ao exercicio da actividade comercial
 - Artigo 7. Ordenación e intervención administrativa da actividade comercial
 - Artigo 8. Dereitos lingüísticos das persoas consumidoras

 - **CAPÍTULO III. Condicións da oferta, dos prezos e garantías**
 - Artigo 9. Condicións da oferta
 - Artigo 10. O prezo dos produtos e servizos
 - Artigo 11. Vendas a perda
 - Artigo 12. Garantía e custodia dos artigos

 - **CAPÍTULO IV. Rexistro de comerciantes e comercios de Galiza**
 - Artigo 13. Rexistro de comerciantes e comercios

 - **CAPÍTULO V. Consello Galego de Comercio**
 - Artigo 14. Consello Galego de Comercio
 - Artigo 15. Funcións

Artigo 16. Composición

□ **TÍTULO II.- EQUIPAMENTOS COMERCIAIS**

• **CAPÍTULO I. Obxecto e elementos constitutivos da ordenación do equipamento comercial**

Artigo 17. Obxecto

Artigo 18. Elementos da ordenación do equipamento comercial

• **CAPÍTULO II. Establecementos comerciais**

Artigo 19. Regra xeral de exercicio mediante establecemento comercial

Artigo 20. Concepto xeral de establecemento comercial

Artigo 21. Clases de establecementos comerciais

Artigo 22. Apertura de establecementos comerciais

• **CAPÍTULO III. Dos Grandes Establecementos Comerciais.**

Artigo 23. Concepto de Grande Establecemento Comercial

Artigo 24. Superficie útil de exposición e venda ao público

• **CAPÍTULO IV. Da Licenza Comercial Específica**

Artigo 25. Operacións suxeitas a licenza comercial específica

Artigo 26. Criterios para a concesión de Licenza Comercial Específica

Artigo 27. Solicitude da Licenza Comercial Específica

Artigo 28. Comisión de Equipamentos comerciais

Artigo 29. Dereitos e Deberes dos Promotores

Artigo 30. Procedemento de concesión da Licenza Comercial Específica

Artigo 31. Resolución

Artigo 32. Coordinación coa Administración Local

Artigo 33. Vixencia da licenza comercial específica

- **TÍTULO III. HORARIOS COMERCIAIS**
 - **CAPÍTULO ÚNICO. Horarios comerciais**
 - Artigo 34.** Dos horarios comerciais

- **TÍTULO IV. ACTIVIDADES COMERCIAIS DE PROMOCIÓN DE VENDAS**
 - **CAPÍTULO I. Normas Xerais**
 - Artigo 35.** Concepto
 - Artigo 36.** Requisitos xerais
 - Artigo 37.** Venda Multinivel. Concepto
 - Artigo 38.** Condicións
 - Artigo 39.** Prohibición das vendas piramidais
 - Artigo 40.** Prohibición da venda a perda

 - **CAPÍTULO II. Ventas en Rebaixas**
 - Artigo 41.** Concepto
 - Artigo 42.** Temporada de rebaixas
 - Artigo 43.** Condicións

 - **CAPÍTULO III. Ventas de Saldo**
 - Artigo 44.** Concepto
 - Artigo 45.** Condicións

 - **CAPÍTULO IV. Ventas en Liquidación**
 - Artigo 46.** Concepto
 - Artigo 47.** Condicións
 - Artigo 48.** Duración

 - **CAPÍTULO V. Ventas con Desconto**
 - Artigo 49.** Concepto

Artigo 50. Condicións

- **CAPÍTULO VI. Ventas con Obsequio**

Artigo 51. Concepto

Artigo 52. Condicións

- **CAPÍTULO VII. Venda directa realizada por Fabricante ou Maiorista**

Artigo 53. Concepto e condicións

- **TÍTULO V.-MODALIDADES ESPECÍFICAS DE VENDA**

- **CAPÍTULO I. Xeneralidades**

Artigo 54. Principio xeral

Artigo 55. Concepto

- **CAPÍTULO II. Ventas a Domicilio**

Artigo 56. Concepto

Artigo 57. Condicións

- **CAPÍTULO III. Ventas a Distancia**

Artigo 58. Concepto

Artigo 59. Requisitos administrativos

Artigo 60. Condicións

Artigo 61. Requisitos especiais

- **CAPÍTULO IV. Ventas Automáticas**

Artigo 62. Concepto

Artigo 63. Condicións

- **CAPÍTULO V. Venda ambulante ou non sedentaria**

Artigo 64. Concepto

Artigo 65. Tipoloxía de venda ambulante ou non sedentaria

Artigo 66. Condicións

Artigo 67. Información ao público

Artigo 68. Coordinación entre as diversas Administracións Públicas

Artigo 69. Facultades de inspección e sanción

- **CAPÍTULO VI. Venda en poxa pública**

Artigo 70. Concepto

Artigo 71. Condicións

Artigo 72. Documentación

Artigo 73. Efectos da venda en poxa pública

Artigo 74. Autorización

- **CAPÍTULO VII. Venda Ocasional**

Artigo 75. Concepto

Artigo 76. Condicións

- **TÍTULO VI.- DA ACTIVIDADE COMERCIAL EN RÉXIME DE FRANQUÍA**

- **CAPÍTULO ÚNICO. Da Actividade Comercial en Réxime de Franquía**

Artigo 77. Concepto e condicións

- **TÍTULO VII.- DAS ACTIVIDADES FEIRAIS**

- **CAPÍTULO ÚNICO**

Artigo 78. Concepto

- **TÍTULO VIII.- INSPECCIÓN E RÉXIME SANCIONADOR**

- **CAPÍTULO I. Principios xerais**

Artigo 79. Competencias inspectoras e sancionadoras

Artigo 80. Obriga de facilitar información

Artigo 81. Persoal da Inspección de Comercio

Artigo 82. Funcións inspectoras

- **CAPÍTULO II. Infraccións**

Artigo 83. Concepto e clases

Artigo 84. Responsabilidade

Artigo 85. Infraccións leves

Artigo 86. Infraccións graves

Artigo 87. Infraccións moi graves

Artigo 88. Reincidencia

Artigo 89. Prescrición das infraccións

- **CAPÍTULO III. Sancións**

Artigo 90. Tipoloxía das sancións

Artigo 91. Contía das multas

Artigo 92. Sancións accesorias

Artigo 93. Graduación das sancións

Artigo 94. Órganos competentes para a imposición das sancións

Artigo 95. Procedemento sancionador

Artigo 96. Medidas cautelares

Artigo 97. Multas coercitivas

Artigo 98. Publicidade e execución das sancións

- **TRES DISPOSICIÓNs ADICIONAIS .**

- **TRES DISPOSICIÓNs TRANSITORIAS .**

- **DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA .**
- **SETE DISPOSICIONS FINAIS .**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Conforme o artigo 30.1.4 do Estatuto de Autonomía de Galiza, corresponde a esta Comunidade a competencia exclusiva en materia de comercio interior, sen prexuízo da política xeral de prezos e lexislación sobre a defensa da competencia, nos termos do disposto nos artigos 38, 131 e 149.1.11 e 13 da Constitución Española.

Consecuentemente, o Goberno Galego, en orde a atender as necesidades propias e específicas do sector comercial do noso País, debe exercer plenamente as competencias anteriormente sinaladas no Estatuto de Autonomía vixente, regulando aqueles aspectos comerciais que son da súa exclusiva competencia e evitar que, supletoriamente e á falta de regulación propia, sexa a lei estatal a que proceda á necesaria ordenación do comercio interior de Galiza.

Cómpre sinalar, ademais, que, ao longo da última década, a inmensa maioría das Comunidades Autónomas do Estado procederon a dictar as súas propias e respectivas leis de comercio, fundamentalmente, a raíz da promulgación da lei estatal de 1.996. Na actualidade, tras a recente aprobación da Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello de 12 de decembro, relativa aos servizos no mercado interior da Unión Europea -e que obriga á necesaria transposición normativa, establecendo como data límite a fins de 2009-, a elaboración dunha nova lei comercial galega, autocentrada e acorde con tal Directiva, faise imprescindible.

Transcorridos, polo tanto, case vinte anos desde a aprobación da Lei10/1988, de 20 de xullo, de Ordenación de Comercio Interior de Galiza, urxe afrontar unha nova regulación desta materia acorde coas necesidades actuais do noso comercio, á vista dos múltiples cambios que este ten experimentado durante estas últimas dúas décadas -principalmente por mor da aparición de novos formatos comerciais e novas modalidades de venda- que sitúan a nosa estrutura comercial cunha dotación de equipamento comercial, en xeral, suficiente. Nesta conxuntura, faise imprescindible unha nova lexislación que garanta un futuro desenvolvemento comercial en termos non agresivos para o necesario equilibrio territorial e que resulte non lesiva para a estrutura comercial existente.

Neste sentido, esta Lei xurde coa finalidade de adoptar medidas estruturais de carácter lexislativo, autocentradas, acordes coas necesidades do tecido comercial galego e encamiñadas a acadar unha verdadeira vertebración do sector, coa introdución das medidas adecuadas para a súa consolidación e mellora, e sobre todo, dirixidas a ordenar e equilibrar o comercio interior de Galiza, conforme ás súas necesidades e características específicas do País, tales como a súa densidade e reparto poboacional, as súas estruturas de consumo e o grao de dotación comercial existente.

Por outro lado, actualmente semella existir, ao menos formalmente, un acordo xeneralizado, respecto de determinados obxectivos, consistentes –basicamente- no artellamento dun País conformado por vilas e cidades compactas e cohesionadas, atractivas para os seus moradores e eventuais visitantes; seguras; substentables do punto de vista ambiental e accesibles -onde se reduza a mobilidade e se eviten desprazamentos innecesarios-. Así mesmo, tamén semella existir acordo respecto da necesidade de asegurarmos o adecuado equilibrio territorial, evitarmos éxodos de poboación a zonas xa dotadas dunha alta concentración poboacional e adoptar medidas que faciliten ás persoas maiores –que representan en Galiza o 21,9% da poboación- unha mellor calidade e condicións de vida.

Pois ben, para efectivizar os criterios anteriormente relatados cómpre legislar coherentemente en todas as áreas que conforman as competencias do Goberno Galego. Cómpre, pois unha actuación governamental de carácter transversal. De aí que unha adecuada lexislación en materia de ordenación comercial preséntase como determinante para conseguirmos implantar na sociedade galega tales obxectivos.

Esta lei nace, pois, coa vontade de levar a cabo unha política comercial innovadora, acorde coa importancia que ao longo da historia representou e segue a representar o comercio como conformador dos nosos contornos urbanos e que busca o necesario equilibrio entre todos os formatos comerciais. A política comercial que vén defendendo este Goberno fundaméntase en que seguindo a máxima de non tratar igual aos desiguais e conforme os intereses xerais anteriormente expostos, cómpre priorizar a actividade comercial urbana fronte á periurbana na que o comercio de proximidade preséntase como básico para a defensa dun modelo de cidade compacta, socialmente cohesionada e substentable que reduza a mobilidade e garanta aos cidadáns e cidadás a igualdade de acceso á oferta comercial con independencia de que estes posúan ou non a posibilidade de desprazarse. E, conforme con tales intereses xerais,

cómpre unha regulamentación das implantacións comerciais indiscriminadas nas periferias das nosas vilas e cidades.

Por outro lado, principios que deben presidir os nosos mercados, como o da necesaria transparencia, a defensa da competencia e a adecuada protección das persoas consumidoras están presentes en toda a regulamentación comercial contida na presente texto legal

En definitiva, todos os aspectos sinalados redundan na necesidade dunha nova normativa clara e precisa pola que deben rexerse os operadores do sector, respectuosa, ao mesmo tempo, cos intereses e necesidades das persoas consumidoras e usuarias, que sirva de canle para unha adecuada coordinación e cooperación entre as distintas Administracións Públicas con competencias en materia de comercio e que remate coa actual dispersión normativa.

A lei estrutúrase en oito títulos -divididos en capítulos- integrados por noventa e oito artigos, tres disposicións adicionais, tres disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e sete disposicións finais.

Entrando na análise da estrutura anteriormente exposta da lei, o Título I, contén disposicións de carácter xeral, comezando, nos seus dous primeiros capítulos, por definir o seu obxecto e ámbito de aplicación – con expresión daquelas actividades que fican excluídas-, así como a distinción entre as diversas clases de actividade comercial. Así mesmo, explícanse cales son os principios informadores ou reitores de todo o texto legal, entre os que se sinala o desenvolvemento harmonioso, equilibrado e sustentable das actividades comerciais no ámbito de Galiza, o fomento do asociacionismo, o respecto dos dereitos e intereses das persoas consumidoras e o afortalamiento do sistema urbano tradicional, onde a integración dunha adecuada dotación comercial de proximidade constitúe un elemento basilar para o mantemento de vilas e cidades compactas, seguras, convivenciais, respectuosas co medio ambiente e facilitadoras da necesaria accesibilidade á oferta comercial das persoas dependentes.

Trátanse, tamén neste título, as condicións xerais para o exercicio da actividade comercial e o obxecto da intervención administrativa en materia de comercio, como é o caso da suxeición á licenza comercial específica dos grandes establecementos comerciais, o réxime de determinadas actividades promocionais e vendas especiais e o réxime de horarios comerciais, entre outros, e recóllense unha serie de medidas de actuación dos poderes públicos en materia

de comercio tendentes á modernización e racionalización do sector. Tales medidas obedecen ás razóns de interese xeral anteriormente expostas.

Regúlase, así mesmo, no capítulo III deste título, materias de relevancia para o comercio como as condicións da oferta e o réxime dos prezos dos produtos e garantía e custodia dos artigos, co fin de prestar unha adecuada protección ás persoas consumidoras e para maior seguranza no sector, así como para introducir criterios de maior transparencia nos mercados que redundará tamén nunha maior garantía para a defensa da competencia. Todo isto, dentro dos límites constitucionais e estatutarios que configuran as competencias na materia, así como dentro do marco que establecen as correspondentes directivas europeas aplicables.

Os capítulos IV e V, deste título I, están dedicados á consagración do Rexistro de Comerciantes e Actividades Comerciais de Galiza e ao Consello Galego de Comercio, ambos de nova creación, e que serán pezas angulares para unha adecuada ordenación comercial do País, pois permitirán, no primeiro caso, a elaboración e actualización permanente dun censo comercial en Galiza -do que até o momento carecemos- que contribuirá á definición das políticas de axudas públicas ao sector comercial, así como a facilitar grandemente o exercicio das funcións de control e tutela dos intereses públicos no ámbito da actividade comercial. Así mesmo, contribuirá á protección do principio de transparencia nos mercados e defensa da competencia.

O Consello Galego de Comercio, aparece configurado como órgano colexiado de participación, asesoramento e colaboración coa Administración Pública Galega na ordenación da actividade comercial e será o instrumento que garantirá e defenderá os intereses xerais que terán que presidir a acción administrativa en materia de política comercial, os proxectos normativos de ordenación do comercio e da actividade comercial e, en xeral calquera proxecto da Administración Pública Galega destinado ao fomento e á mellora do tecido comercial do País.

O Título II ten por obxecto establecer as directrices precisas para o adecuado desenvolvemento dos equipamentos comerciais no territorio de Galiza e o réxime xurídico para a implantación dos grandes establecementos comerciais, tendo en conta as necesidades das persoas consumidoras, a modernización da estrutura comercial existente e o obxectivo do preciso equilibrio territorial, así como da protección dos contornos urbanos.

Defínense, de forma clara e precisa, que se entende legalmente por establecemento comercial, as súas clases –introdúcese o concepto de “establecemento colectivo”-, e a súa variada tipoloxía, así como outros conceptos básicos, como o de “superficie de venda e exposición ao público” ou o de “área de influencia comercial” que coadxuvan a tomar decisións fundadas para os efectos da súa implantación e en orde a resgardar intereses de carácter xeral para a sociedade.

Abórdase o réxime legal dos grandes establecementos comerciais, especialmente no que se refire á concesión de licenzas para a súa apertura. Neste sentido e facendo especial fincapé no caso dos grandes establecementos comerciais, cómpre salientar a esixencia, con carácter previo á correspondente licenza municipal, a licenza específica, de carácter autonómico, pois o impacto comercial supramunicipal que supón a implantación dun gran establecemento comercial esixe a intervención preventiva da Consellaría competente en materia de comercio interior. A área de influencia dun gran establecemento comercial é, en xeral, máis extensa que no caso doutro tipo de establecemento comercial de menor tamaño, así como maior é tamén a súa repercusión na estrutura comercial preexistente na súa área de influencia, no tránsito e infraestruturas da rede viaria, e no asentamento ou mobilidade, no seu caso da poboación residente en cada concello.

Mención aparte merece o establecemento de criterios técnicos e obxectivos para a concesión de licenza comercial específica, como a introdución do necesario informe técnico que versará sobre a existencia ou non dun equipamento comercial adecuado na zona afectada polo novo emprazamento solicitado, así como os efectos que este poida exercer sobre a estrutura comercial da área de influencia correspondente. As características cualitativas e as condicións de seguranza do proxecto, a localización do establecemento e, en especial, a relación deste co contorno urbano e a incidencia no medio ambiente, constitúen outros criterios a ter en conta á hora de conceder ou denegar a implantación solicitada. Así mesmo, o impacto sobre o territorio; a inclusión no proxecto de medidas dirixidas ao incremento e calidade do emprego; a existencia de medidas de integración previstas polo promotor na estrutura comercial galega, ou de compromisos firmes a favor dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias –como, por exemplo, a adhesión ao sistema arbitral de consumo- son criterios que tamén merecerán especial atención.

Regúlase, ademais, o procedemento para a concesión de licenza comercial específica e establécense medidas de coordinación coa Administración Local.

Por último e, co obxectivo de completar o antedito réxime para a implantación de equipamentos comerciais, a lei establece a obriga, por parte da consellaría competente en materia de comercio, de elaborar un Plano Sectorial Territorial de Equipamento Comercial, co principal fin de lograr un nivel adecuado de equipamento comercial e unha correcta distribución territorial dos establecementos comerciais; introducir, en forma progresiva e harmónica, os novos sistemas de venda comercial e contribuír á creación de novos empregos alternativos no sector do comercio e o mantemento dos existentes, adaptándoos ás novas estruturas de distribución comercial, así como ás esixencias sociais.

O Título III desta lei, refírese á regulación dos horarios comerciais, remitíndonos á Lei específica da Comunidade Autónoma de Galiza nesta materia; Refírese, polo tanto á *Lei 13/2006, do 27 de decembro, de Horarios Comerciais de Galicia*. Neste sentido, cómpre lembrar a interpretación que por Acordo da Comisión Bilateral de Cooperación entre a Administración Xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Galiza adoptado con data de 24 de setembro de 2007 (Resolución de 25 de Setembro e publicado no D.O.G o 9 de outubro de 2007), no sentido de interpretar o artigo 8.3 da antedita Lei no deber que se enmarca dentro da necesaria conciliación da vida familiar e persoal, así como no réxime de liberdade de horarios recollido na norma estatal sobre horarios comerciais (Lei 1/2004 de 21 de decembro).

O Título IV regula as actividades comerciais de promoción de vendas, procedendo á súa definición e clasificación. Concretamente, a lei considera actividades comerciais de promoción de vendas, as vendas en rebaixas, as vendas de saldos, as vendas en liquidación , as vendas con desconto, as vendas con obsequio e as vendas directas realizadas por fabricante ou maiorista. O antedito título recolle unhas normas xerais aplicables a este tipo de vendas e posteriormente procede a unha delimitación e regulación exhaustiva entre unhas e outras. É de salientar que, en canto á duración do periodo de rebaixas, queda fixado nun mínimo dunha semana e un máximo de dous meses, de forma continuada. Prohíbense a venda piramidal e a venda a perda.

O Título V contempla as modalidades específicas de venda ou vendas especiais, considerándose como tales aquelas que non son realizadas nun establecemento comercial aberto ao público de maneira permanente e, especialmente, as vendas a domicilio, as vendas a distancia, as vendas automáticas, as vendas ambulantes, as vendas en poxa pública e as vendas ocasionais. Sinálase como obriga dos comerciantes que se dedicaren a calquera destas modalidades a inscrición no Rexistro de Comerciantes e Comercios de Galiza, de nova creación por esta lei – sen prexuízo da obriga de inscrición noutros rexistros sectoriais ou de carácter estatal-.

O Título VI fai referencia a actividade comercial en réxime de franquía, establecéndose como requisito básico para aquelas persoas físicas ou xurídicas que pretendan realizar en territorio galego esta actividade -e teñan o seu domicilio social ou delegación ou representación en Galiza- a inscrición no correspondente Rexistro de Comerciantes e Comercios da Xunta de Galicia, con carácter previo ao inicio da actividade de cesión de franquías.

O Título VII refírese ás actividades feirais como aquelas que teñen por obxecto a exposición, a difusión e a promoción comercial de bens e/ou servizos; fomentar contactos e intercambios comerciais e achegar a oferta dos distintos sectores da actividade económica á demanda, sempre que teñan unha duración limitada no tempo e reúnan unha pluralidade de expositores. Como excepción, contéplase a posibilidade de habilitar a práctica da venda directa con retirada de mercadoría, sempre que así o autorice a dirección xeral competente en materia de comercio, en virtude das características da oferta exhibida. Regularízase así unha practica bastante xeneralizada e prohibida pola normativa, até o momento vixente, en materia feiral. Pola súa especificidade, remítese a regulación máis pormenorizada da actividade feiral ao correspondente desenvolvemento regulamentario.

O Título VIII regula a inspección e o réxime de infraccións e de sancións en materia de comercio interior e establece a obriga, por parte do Goberno da Xunta de Galicia, da creación dun corpo de inspectores de comercio.

A lei conclúe coas correspondentes Disposicións Adicionais, Transitorias, Derrogatorias e Finais nas que se insta á Administración da Xunta de Galicia a dotar á consellaría competente en materia de comercio dos medios persoais e materiais precisos para asegurar o correcto funcionamento das funcións de inspección previstas polo artigo 81.1, así como do Rexistro

de Comerciantes e Comercios de Galiza. É de destacar que na Disposición Adicional Cuarta, prevese, para a solicitude de licenza comercial específica e, dentro do establecido na Lei de Taxas e Prezos Públicos da comunidade Autónoma de Galicia o devengo dunha taxa por importe de 10 euros por cada metro cadrado de superficie útil de exposición e venda ao público.

TÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS

CAPÍTULO I

Obxecto e ámbito de aplicación

Artigo 1. Obxecto

A presente lei ten por obxecto a regulación da actividade comercial, así como a ordenación, a modernización e a mellora das estruturas comerciais na Comunidade Autónoma de Galiza.

Artigo 2. Ámbito de aplicación.

1. A presente lei será de aplicación ás actividades comerciais realizadas no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galiza, por comerciantes, ben sexan persoas físicas ou xurídicas que, de forma habitual, realizan actividades de mediación entre a produción e o consumo no mercado.
2. Quedan excluídas do ámbito de aplicación da presente lei aquelas actividades comerciais que, por razón do seu obxecto ou natureza, estean sometidas a un control específico por parte dos poderes públicos ou a unha regulamentación específica, sen prexuízo da aplicación supletoria desta lei. En todo caso, fican excluídos do seu ámbito de aplicación:
 - a) Os servizos de carácter financeiro, de transporte e de seguros.
 - b) Os servizos de aloxamento, cafetarías, bares, restaurantes e hostalaría, en xeral.

- c) Os servizos de reparación, mantemento e asistencia técnica, sempre que non vaian asociados á venda, con carácter ordinario ou habitual.
 - d) O exercicio de profesións liberais.
 - e) Os servizos prestados por empresas de ocio e espectáculos, tales como cinemas, teatros, circos, ludotecas, parques infantís ou similares. O antedito non obsta á suxeición a esta lei das vendas realizadas nas súas instalacións ou anexos, sempre que estas se desenvolvan en zonas de libre acceso.
3. As entidades cooperativas ou outras formas xurídicas análogas estarán obrigadas a distinguir entre a oferta dirixida aos socios da que teña como destinatario o público en xeral, e esta última está sometida á presente lei. En todo caso, cando a oferta a ambos os destinatarios non aparecer rigorosamente diferenciada, será aplicable esta lei.

Artigo 3. Principios reitores

1. A presente lei rexerese polos seguintes principios reitores :
- a) A actividade comercial en Galiza desenvolverase conforme os principios que informan a planificación económica xeral do Estado Español, dentro dun marco de economía de mercado e libre e leal competencia, sen prexuízo das determinacións contidas na presente lei e as disposicións que a desenvolveren e daquelas normas que regulen a actividade comercial.
 - b) Un desenvolvemento harmonioso, equilibrado e sustentable das actividades comerciais no ámbito de Galiza.
 - c) O respecto dos dereitos e dos intereses das persoas consumidoras e usuarias.
 - d) A adecuación do sistema de equipamentos comerciais á necesaria ordenación e equilibrio territorial, co obxectivo de que toda a sociedade galega, residente en calquera zona, comarca ou municipio poida dispor dunha rede de servizos comerciais axeitada e adaptada ás exixencias da vida actual.
 - e) A preservación e o afortalamiento do sistema urbano tradicional das nosas vilas e cidades, co fin de asegurar unha adecuada protección dos contornos urbanos e do medio ambiente, dentro dun obxectivo de cohesión social que coadxuve á

igualdade entre os/as cidadáns/ás, que reduza a mobilidade e evite desprazamentos innecesarios, a prol dun modelo de cidade que ofrezca as mesmas posibilidades de accesibilidade e desenvolvemento para todos/as os/as cidadáns/ás, estiveren ou non en situación de dependencia, así como a mellora das condicións ambientais.

- f) O acceso en maiores condicións de igualdade ás diferentes fórmulas de implantación comercial.
 - g) O fomento do asociacionismo como fórmula vertebradora do desenvolvemento harmónico, equilibrado e modernizador do tecido comercial galego.
 - h) O desenvolvemento de políticas tendentes á protección das medianas e pequenas empresas comerciais, mediante a prestación de especial apoio ao comercio tradicional de Galiza, así como á súa modernización e mellora da súa xestión comercial.
 - i) O impulso e o apoio especial a todas aquelas iniciativas cuxo obxectivo sexa a distribución e a venda de produtos autóctonos galegos.
 - j) A promoción da igualdade de oportunidades e a formación técnica e profesional dos comerciantes e traballadores do sector comercial.
 - k) O establecemento de instrumentos que aseguren a necesaria transparencia, obxectividade, e igualdade de oportunidades e de trato para os diversos axentes económicos; a defensa da leal competencia e das persoas consumidoras, coa finalidade de asegurar a legalidade da actuación administrativa, así como o sometemento desta aos fins que a xustifican.
2. A Administración da Xunta de Galicia, a través da consellaría competente en materia de comercio interior, desenvolverá cantas actuacións persigan unha reforma das estruturas comerciais no territorio galego, especialmente as encamiñadas á modernización, á racionalización e mellora da produtividade e á creación de emprego no sector comercial.

CAPÍTULO II

Da actividade comercial

Artigo 4. Concepto e clases

1. Para os efectos desta lei, enténdese por actividade comercial a realizada, ben por conta propia ou allea, por persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, consistente no ofrecemento ou na colocación no mercado de produtos, naturais ou elaborados, susceptibles de tránsito comercial, así como os servizos que de tal actividade se derivaren, independentemente da forma, da modalidade ou do soporte empregado para a súa realización e utilizando ou non para tal fin, un establecemento. Esta actividade pode desenvolverse con carácter maiorista ou retalista.
2. Así mesmo, para os efectos desta lei, enténdese por
 - a) Actividade retalista ou polo miúdo, a adquisición de produtos ou mercadorías e a súa venda ao consumidor final, incluíndo a prestación daqueles servizos derivados de tal actividade. Igualmente, posuirá este carácter a venda realizada polos artesáns respecto dos seus produtos, cando se producir no seu propio taller.
 - b) Actividade maiorista ou ao por maior, a adquisición de produtos ou mercadorías e a súa venda a outros comerciantes maioristas, minoristas ou empresarios, industriais, empresas, entidades e institucións que non constitúen consumidores finais, incluíndo a prestación daqueles servizos que se derivaren de tal actividade.
3. Só poderá realizarse, simultaneamente, a actividade maiorista e minorista nun mesmo local, se ambas as actividades foren levadas a cabo en seccións diferenciadas, adecuadamente sinalizadas e rotuladas, para público e notorio coñecemento das persoas consumidoras, e con observación e cumprimento das normas aplicables, relativas a cada unha destas modalidades de distribución.

4. Non se modificarán as cualificacións de actividade comercial maiorista ou retalista anteriormente descritas por concorrer un eventual sometemento da mercadoría a procesos de transformación, manipulación, tratamento ou acondicionamento que sexan habituais no comercio.

Artigo 5. Condicións xerais para o exercicio da actividade comercial

1. Poderán exercer a actividade comercial as persoas físicas e xurídicas que, conforme a lexislación vixente, posúan a capacidade xurídica precisa e a condición de comerciante, segundo establece a lexislación mercantil e cumpran cos requisitos contidos na presente lei.
2. Son requisitos xerais para o exercicio de calquera actividade comercial :
 - a) Estar dado de alta, cando proceda, e ao corrente de pagamento na epígrafe ou epígrafes correspondentes aos tributos que resultaren esixibles para o exercicio das actividades reguladas nesta lei, de conformidade coa lexislación vixente.
 - b) Acreditar, no seu caso, o cumprimento dos requisitos específicos e das garantías que foren esixidas pola lexislación vixente, para a venda de determinados produtos ou prestación de determinados servizos.
 - c) Ter cumpridas as obrigas correspondentes, no seu caso, en materia de Seguridade Social e acharse ao corrente de pagamento das cotizacións que foren procedentes.
 - d) Dispor das autorizacións, dos permisos ou das licenzas establecidas legalmente por calquera Administración Pública que teña atribuída legalmente tal competencia.
 - e) No caso de estranxeiros, acreditar o cumprimento da normativa específica vixente.
3. Ademais dos requisitos establecidos con carácter xeral nesta lei e no resto da normativa aplicable, para o exercicio de calquera actividade comercial será precisa a inscrición no Rexistro de Comerciantes e Comercios da Comunidade Autónoma de Galiza. Con tal fin, a Xunta de Galicia creará o referido rexistro que constará dunha

ou varias seccións e cuxos requisitos de inscrición serán desenvolvidos regulamentariamente.

Artigo 6. Prohibicións e restricións ao exercicio da actividade comercial

1. Non poderán exercer a actividade comercial, ademais das persoas físicas e xurídicas ás que lles estea especificamente prohibido pola normativa vixente, aquelas outras ás que a súa normativa específica lles esixa dedicación exclusiva á actividade que desenvolven.
2. Prohíbese expresamente a promoción, a exposición e a venda de mercadorías ao consumidor, cando proveñan de persoas cuxa actividade sexa distinta á comercial e, como consecuencia da actividade que lles é propia, teñan como finalidade principal a realización de préstamos, depósitos ou operacións de análoga natureza, adheridas á oferta comercial da mercadoría, de tal forma que unha non se poida facer efectiva sen a outra.

En todo caso, presumirase a existencia destas actuacións no suposto de a persoa consumidora poder realizar pedidos ou adquirir mercadorías nos establecementos daquelas.

A prohibición establecida neste apartado producirase aínda no caso de que a empresa que realice a venda sexa dependente ou participada por aquela que efectúa a actividade principal ou cando a venda se realice en dependencias desta última.

Artigo 7. Ordenación e intervención administrativa da actividade comercial

1. A Xunta de Galicia, dentro do marco das súas competencias e por razóns imperiosas de interese xeral, establecerá as condicións para realizar actividades comerciais suxeitas a unha especial concesión ou autorización administrativa, así como as que requiran un tratamento singular por mor da natureza ou obxecto da venda e/ou do produto.
2. En especial, a ordenación e intervención administrativa terá por obxecto:

- a) A suxeición á licenza comercial específica dos grandes establecementos comerciais.
 - b) O réxime de horarios comerciais.
 - c) O réxime de determinadas actividades promocionais.
 - d) O réxime e a autorización de vendas especiais.
 - e) A inscrición no Rexistro de Comerciantes e Comercios da Xunta de Galicia.
 - f) A inspección, a información e a vixilancia sobre a actividade e os establecementos comerciais de Galiza.
 - g) A promoción do uso do idioma galego nas actividades comerciais, así como tamén na rotulación e sinalética dos establecementos comerciais de Galiza.
 - h) Calquera outra actividade que legalmente se establecer.
3. O Goberno Galego, a través da consellaría competente en materia de comercio, desenvolverá unha política de reforma das estruturas comerciais encamiñada á modernización e racionalización do sector. A antedita política comercial implicará a adopción das principais medidas seguintes:
- a) Establecemento de programas de axudas para as pequenas e medianas empresas comerciais co fin de conseguir a modernización, a renovación e a mellora da súa xestión comercial.
 - b) Proporcionar unha formación permanente, continuada e actualizada a comerciantes e traballadores co fin de conseguir unha maior produtividade e eficacia na súa xestión.
 - c) Apoiar técnica e financeiramente a introdución de novas tecnoloxías, a integración e asociacionismo de empresas e, en xeral, calquera acción ou proxecto que redunde na obtención de canles de comercialización con menores custos de intermediación, maior eficacia e mellor servizo e calidade para as persoas consumidoras.

- d) Impulsar a consolidación, a estabilidade e o crecemento do emprego de calidade no sector comercial.
- e) Incentivar a realización de estudos e investigacións relacionadas co sector do comercio que contribúan á súa mellora e modernización.
- f) Realizar campañas de promoción do comercio e do asociacionismo comercial.
- g) Promover o comercio nas zonas especialmente rurais que aseguren un adecuado abastecemento da súa poboación residente á vez que redunden na súa fixación nestas zonas.
- h) Impulsar mecanismos de artellamento entre os sistemas de produción, distribución e comercialización dentro do territorio galego.
- i) Promover, en colaboración con outras Administracións Públicas, ao desenvolvemento de proxectos que coadxuven a un adecuado urbanismo comercial.

Artigo 8. Dereitos lingüísticos das persoas consumidoras

1. O exercicio da actividade comercial levarase a cabo con rigoroso respecto aos dereitos lingüísticos das persoas consumidoras. Ninguén poderá ser discriminado ou atendido incorrectamente por razón da lingua oficial empregada.
2. A sinalización, os carteis informativos e os documentos de oferta de servizos para as persoas consumidoras dos establecementos abertos ao público deben ser redactados, ao menos, en galego. Esta norma non se aplica ás marcas, aos nomes comerciais e aos rótulos amparados pola lexislación da propiedade industrial.
3. Os poderes públicos galegos garantirán o exercicio dos dereitos establecidos nos parágrafos anteriores e para tal fin, prestarán todo o asesoramento que, no seu caso, for preciso.

CAPÍTULO III

Condições da oferta, dos prezos e garantías

Artigo 9. Condições da oferta

1. O exercicio da actividade comercial estará suxeito ás condicións que integren a oferta de bens no mercado e á normativa reguladora da presentación e da etiquetaxe destes. Os produtos deberán levar incorporados tanta información for legalmente esixible e axeitada para o coñecemento destes, os riscos da súa utilización e, no seu caso, as condicións especiais para a súa adquisición.
2. Os comerciantes non poderán limitar a cantidade de artigos que poidan ser adquiridos por cada comprador, nin establecer prezos máis elevados ou suprimir reducións ou incentivos, para as compras que superen un determinado volume. Para o caso de que nun establecemento aberto ao público non se dispoña de existencias para cubriren a demanda, atenderase á prioridade temporal das solicitudes, e deberase proceder, en todo caso, a poñer en coñecemento das persoas consumidoras o esgotamento das existencias.
3. Só excepcionalmente, a Administración Pública competente na materia e, sempre por motivos de interese público, poderá limitar a cantidade de artigos que poden ser adquiridos por cada comprador.

Artigo 10. O prezo dos produtos e servizos

1. O prezo dos produtos e servizos será o fixado libremente polos oferentes, sen máis limitacións que as impostas pola lexislación vixente en materia de prezos e marxes comerciais e de protección da libre competencia.
2. En todo caso, os prezos dos produtos, así como a súa exhibición ao público, deberán cumprir o disposto na normativa ditada para a protección das persoas consumidoras e usuarias.

3. Os produtos expostos para a súa comercialización estarán marcados co seu prezo de forma clara. Os prezos dos artigos expostos nos escaparates resultarán visibles desde o exterior. Todos os establecementos que presten servizos aos usuarios exhibirán ao público de forma perfectamente visible os prezos aplicables a estes.

Regulamentariamente poderán establecerse excepcións ou condicións especiais na información de prezos por motivos de seguranza ou derivados da natureza do produto ou servizo.

4. Nos produtos que se vendan a granel, indicarse o prezo da unidade de medida. Naqueles produtos que habitualmente se vendan a granel e se presenten á venda en cantidades ou volumes preestablecidos, exporase á venda con indicación do prezo por unidade de medida habitual, a medida do produto e o prezo resultante.
5. O prezo de venda anunciado entenderase como o total do produto ou servizo adquirido ao contado, incluídos todos os tributos aplicables.
6. Se na marcaxe do prezo dun produto existiren dous ou máis prezos diferentes, o comerciante estará obrigado a vender ao prezo máis baixo dos exhibidos.
7. O comerciante explicitará os medios de pagamento admitidos, así como a posibilidade ou non da devolución do produto.
8. Nas vendas a prazo, o comerciante deberá, en todos os casos, incluída a publicidade, informar á persoa compradora do importe de cada prazo, o número deles, a periodicidade dos pagamentos e o prezo total resultante. Nos supostos en que o referido anteriormente implique a concertación dun crédito, o tipo de interese aplicado expresarase de acordo co disposto na lexislación correspondente.
9. En todos aqueles casos en que a entrega total ou parcial de produtos ou a prestación de servizos complementarios for diferida a un momento posterior á estipulación do contrato, o comerciante deberá estender factura ou documento substitutivo, e fará constar as prestacións adebedadas e a parte do prezo que recibise.
10. Naqueles supostos en que a venda dun produto for ofrecida ao comprador ou usuario a través dunha técnica calquera de comunicación a distancia e dentro dun sistema de

contratación a distancia organizado polo vendedor, a información deberá incluír, alén do prezo, incluídos todos os impostos, o importe dos gastos de entrega e de transporte e dos posibles gastos de devolución, no seu caso. Así mesmo, informarase ao usuario da forma de pagamento e sistema de reembolso.

Os prezos anunciados serán esixibles polos usuarios aínda cando non se correspondan cos que figuren no contrato celebrado ou na factura ou comprobante recibidos, e non poderá ser aplicado un prezo superior ao anunciado.

11. A regulamentación contida nos parágrafos anteriores entenderase sen prexuízo do establecido respecto das actividades de promoción de vendas do título IV da presente lei.

Artigo 11. Vendas a perda

1. Con independencia do establecido no número 1 do artigo anterior, prohíbese a venda a perda, que só se poderá ofertar e efectuar na venda en liquidación, na venda de saldos, ou cando se tratar de produtos perecedoiros en datas próximas á súa inutilización comercial, a non ser que quen a realizar teña por obxecto acadar os prezos dun ou varios competidores con capacidade para afectar as súas vendas.
2. Para os efectos do disposto no apartado 1 deste artigo, considerarase que existe venda a perda cando o prezo aplicado a un produto for inferior ao de adquisición, segundo a factura, deducida a parte proporcional aos descontos que figuren nesta, ou ao de reposición, se este for inferior a aquel ou ao custo efectivo de produción, de ser o artigo fabricado polo propio comerciante, incrementados nas cotas dos impostos que graven a operación.

Non se computarán as retribucións ou as bonificacións de calquera tipo que signifiquen compensación polos servizos prestados á marxe da contraprestación correspondente á entrega da mercadoría. En ningún caso poderán utilizarse as ofertas conxuntas ou os obsequios aos compradores para evitar o disposto no presente artigo.

Se o que vende á persoa consumidora é o mesmo fabricante ou produtor, ou se se tratar de avaliar a prestación dun servizo complementario da revenda, o prezo

equivalente á compra será o custo de fabricación ou produción, ou ben da prestación do servizo.

3. As facturas entenderanse aceptadas en todos os seus termos e recoñecidas polos seus destinatarios, cando non fosen motivo de obxección no prazo dos vinte e cinco días seguintes á súa remisión. No suposto de non seren conformes, dispónse sobre a anterior dun prazo adicional de dez días para a súa reparación e nova remisión da correspondente factura rectificada. Para os efectos do establecido neste artigo non se terán en conta as modificacións contidas en facturas rectificativas emitidas con data posterior aos prazos indicados.

Artigo 12. Garantía e custodia dos artigos

1. Os comerciantes responderán da calidade dos artigos vendidos, na forma determinada na lexislación civil e mercantil vixente, así como consonte a normativa aplicable para a defensa das persoas consumidoras e usuarias.
2. Os establecementos que recibiren en custodia artigos para a súa reparación deberán entregar recibo escrito destes, onde conste, cando menos, con precisión e clareza, a identificación da mercadoría, do estado en que se entrega e a reparación que se solicita, con orzamento do máis detallado e exacto posible, así como o nome, o número de identificación fiscal, o domicilio e o teléfono do establecemento e do propietario do artigo.
3. En todo caso, e respecto das materias ás que se refiren os parágrafos anteriores, aplicarase a normativa vixente para a defensa das persoas consumidoras e usuarias.

CAPÍTULO IV

Rexistro de comerciantes e actividades comerciais de Galiza

Artigo 13. Rexistro de comerciantes e comercios de Galiza

1. A Xunta de Galicia creará un rexistro de comerciantes e comercios de Galiza adscrito á Dirección Xeral competente en materia de comercio interior, que terá por obxecto a inscrición das persoas físicas ou xurídicas que exerzan ou pretendan exercer a actividade comercial.
2. A creación deste rexistro responde ás seguintes finalidades :
 - a) Permitir a elaboración e permanente actualización dun censo comercial en Galiza.
 - b) Dispor dos datos precisos para o xeral e común coñecemento e avaliación das estruturas comerciais no ámbito territorial galego, así como garantir os dereitos das persoas consumidoras e usuarias.
 - c) Contribuír á definición de políticas públicas acaídas ao sector comercial galego.
 - d) Facilitar o exercicio das funcións de control e tutela dos intereses públicos no ámbito da actividade comercial.
 - e) Promover a necesaria transparencia e a defensa do principio de leal competencia no exercicio da actividade comercial, así como a defensa dos dereitos dos consumidores.
3. O rexistro de comerciantes e comercios de Galiza será público, e determinarase regulamentariamente a súa estrutura, a súa organización e o seu funcionamento, así como os datos susceptibles de inscrición neste e non poderá conter datos de carácter persoal non relacionados coa calidade de comerciante da persoa titular da inscrición ou coa actividade comercial que este desenvolve ou pretende desenvolver. En todo caso, a inscrición neste será obrigatoria e gratuíta.

CAPÍTULO V

Consello Galego de Comercio

Artigo 14. Consello Galego de Comercio

1. Instituirase o Consello Galego de Comercio, como órgano colexiado de participación, asesoramento e colaboración coa Administración Pública Galega na ordenación da actividade comercial que, con carácter consultivo, garanta e defenda os intereses xerais en materia comercial.
2. O Consello Galego de Comercio, adscrito á consellaría competente en materia de comercio, non participa na estrutura xerárquica da Administración Pública Galega.

Artigo 15. Funcións

Serán funcións deste consello as seguintes :

- a) Informar sobre os proxectos normativos de ordenación do comercio e da actividade comercial
- b) Evacuar os informes e as consultas sobre comercio que lle foren requiridos pola consellaría competente en materia de comercio.
- c) Formular propostas e suxestións que se estimaren convenientes para o fomento e a mellora do tecido comercial galego.
- d) Calquera outra que, no seu caso, regulamentariamente se establecer.

Artigo 16. Composición

1. O Consello Galego de Comercio terá a seguinte composición :
 - a) Presidente. Titular da consellaría competente en materia de comercio.
 - b) Vicepresidente. Titular da dirección xeral competente en materia de comercio.
 - c) Vogais :

- Dúas persoas representantes da consellaría competente en materia de comercio.
- Unha persoa representante da consellaría competente en materia de ordenación do territorio.
- Unha persoa representante da consellaría competente en materia de turismo.
- Unha persoa representante da consellaría competente en materia de benestar social.
- Unha persoa representante designado polo Tribunal Galego de Defensa da Competencia.
- Unha persoa representante da Federación Galega de Municipios e Provincias.
- Dúas persoas representantes das Cámaras de Comercio, Industria e Navegación, nomeadas polo Consello Galego de Cámaras.
- Unha persoa designada pola organización empresarial máis representativa de Galiza.
- Tres persoas representantes designadas polas organizacións empresariais máis representativas do sector comercial..
- Unha persoa representante dos Centros Comerciais Abertos de Galiza.
- Tres persoas representantes das centrais sindicais con maior representación en Galiza.
- Unha persoa representante designada polo Consello Galego de Consumidores e Usuarios.
- Un representante das tres universidades galegas, de entre especialistas en materia de comercio.

- Dous expertos de recoñecido prestixio designados libremente polo conselleiro/a competente en materia de comercio
- d) Secretario/a. Será unha persoa funcionaria da dirección xeral competente en materia de comercio, quen actuará como tal con voz, mais sen voto.
2. Os vogais do Consello Galego de Comercio, agás os de libre designación, serán nomeados polo titular da consellaría competente en materia de comercio, por proposta dos órganos, das entidades ou das organizacións a que se refire o parágrafo anterior e deberá facerse por escrito, no prazo dun mes a partir da recepción do requirimento da citada consellaría.
 3. Regulamentariamente establecerase o réxime de funcionamento e organización do Consello Galego de Comercio.
 4. Para o cumprimento das súas funcións, a consellaría competente en materia de comercio poderá crear un Observatorio Galego de Comercio.

TÍTULO II.- EQUIPAMENTOS COMERCIAIS

CAPÍTULO I

Obxecto e elementos constitutivos da ordenación do equipamento comercial

Artigo 17. Obxecto

1. O presente título ten por obxecto establecer as directrices precisas para o adecuado desenvolvemento dos equipamentos comerciais no territorio de Galiza e o réxime xurídico para a implantación dos grandes establecementos comerciais, tendo en conta as necesidades das persoas consumidoras e a modernización da estrutura comercial existente, conforme coas regras que rexen a leal competencia e da liberdade de empresa e dacordo cos principios reitores establecidos no artigo 3 da presente lei.
2. O equipamento comercial dos municipios de Galiza está constituído pola dotación de establecementos comerciais, tanto de carácter individual como colectivo, tendo

especial relevo, para os efectos desta lei, a repercusión que sobre o equipamento comercial descrito teñen os chamados grandes establecementos comerciais.

Artigo 18. Elementos da ordenación do equipamento comercial

1. A ordenación desta materia ten como obxecto principal conseguir unha adecuada localización do equipamento comercial no territorio de Galiza, co fin de deseñar unha rede de equipamento comercial equilibrada e harmonizada sobre o antedito ámbito territorial en que se aplique.
2. O Goberno Galego poderá aprobar cantas normas considerar necesarias para un adecuado desenvolvemento desta lei, en materia de equipamentos comerciais. En todo caso e, co fin de levar a cabo a ordenación da localización dos equipamentos comerciais en territorio galego, o Goberno da Xunta de Galicia, conforme aos preceptos contidos na presente lei, aprobará, mediante un decreto, un Plano Sectorial Territorial de Equipamento Comercial que será impulsado pola consellaría competente en materia de comercio, contará co informe preceptivo previo da consellaría competente en materia de ordenación do territorio, así como co informe da Comisión de Equipamentos Comerciais.
3. O Plano Sectorial Territorial de Equipamento Comercial referido no parágrafo anterior, ten por obxecto establecer as directrices para adecuar o equipamento comercial nas poboacións de todo o territorio galego aos obxectivos imperiosos de interese xeral establecidos no parágrafo seguinte. A súa vixencia será indefinida, con independencia das revisións e actualizacións que se realizarán cada catro anos.
4. O antedito Plano terá, entre os seus obxectivos os seguintes :
 - a) Lograr un nivel adecuado de equipamento comercial e unha correcta distribución territorial dos establecementos comerciais en territorio galego, conforme a criterios de interese xeral que garantan, en todo caso a necesaria protección dos contornos urbanos, a protección do medio ambiente, a adecuada accesibilidade dos cidadáns e cidadás a tales establecementos comerciais, así como a igualdade de acceso das persoas dependentes a unha adecuada oferta comercial, con evitación de desprazamentos innecesarios para acceder á antedita oferta.

- b) Introducir en forma progresiva e harmónica os novos sistemas de venda comercial.
- c) Protexer a libre competencia dentro da defensa da pequena e mediana empresa.
- d) Contribuír á creación de novos empregos alternativos no sector do comercio e o mantemento dos existentes, adaptándoos ás novas estruturas de distribución comercial, así como ás esixencias sociais.
- e) Establecer os criterios e cuantificar as reservas de solo para equipamento comercial, para os efectos da súa consideración na elaboración e revisión do planeamento urbanístico

CAPÍTULO II

Establecementos Comerciais

Artigo 19. Regra xeral de exercicio mediante establecemento comercial

A actividade comercial definida no artigo 4 desta lei haberá de exercerse en establecemento comercial, agás as excepcións nela previstas.

Artigo 20. Concepto xeral de establecemento comercial

Considéranse establecementos comerciais os locais e as construcións ou as instalacións de carácter fixo e permanente, cubertos ou sen cubrir, interiores ou exteriores a unha edificación, con ou sen escaparates, destinados ao exercicio regular de actividades comerciais, xa for de forma continuada ou periódica, así como calesquera outros recintos acoutados que reciban aquela cualificación en virtude de disposición legal ou regulamentaria e sempre e cando dispuxeren das correspondentes licenzas.

Artigo 21. Clases de establecimientos comerciais

1. Os establecementos comerciais poderán ter carácter individual ou colectivo.
2. Son establecementos comerciais de carácter colectivo os integrados por un conxunto de establecementos comerciais individuais ou de puntos de venda diferenciados, situados nun ou varios edificios que, con independencia de que as respectivas actividades comerciais se desenvolvan de forma empresarialmente independente, se proxectasen de modo conxunto, e nos que concorran elementos ou servizos comúns para os establecementos ou puntos de venda que os integran.
3. Para os efectos do establecido no parágrafo anterior, son establecementos comerciais de carácter colectivo :

- a) O centro comercial, cando os establecementos se atoparen nun mesmo edificio ou en dous ou máis que están comunicados.
- b) O recinto comercial, cando dous ou máis establecementos estiveren agrupados en varios edificios nun mesmo espazo. Enténdese que se atopan nun mesmo espazo cando concorrer algún dos seguintes elementos:

Primeiro. Acceso común desde a vía pública, de uso exclusivo ou preferente dos clientes.

Segundo. Áreas de estacionamento comúns ou contiguas aos diferentes establecementos para uso preferente dos clientes e que non prohiban a circulación peonil entre eles.

Terceiro. Servizos comúns para os comerciantes ou para os clientes, como a xestión común de certos elementos da súa explotación; concretamente, a creación de servizos colectivos ou a realización de actividades ou campañas de promoción e de publicidade comercial conxunta.

Cuarto. Denominación ou imaxe común do recinto.

Quinto. Realización de comunicacións comerciais conxuntas.

Non terán a consideración de establecementos colectivos os conxuntos de establecementos situados en locais dos baixos dos edificios destinados a vivendas ou oficinas, sempre e cando estiveren situados dentro da trama urbana consolidada.

4. Agás as excepcións legalmente consideradas, non se poderá practicar a actividade comercial fóra dos establecementos comerciais.

Artigo 22. Apertura de establecementos comerciais

1. Para a apertura dun establecemento comercial será requisito imprescindible a obtención previa da licenza de apertura, así como a inscrición no Rexistro de Comerciantes e Comercios de Galiza.
2. A inscrición do establecemento comercial neste rexistro entenderase realizada polo transcurso de tres meses, que contarán desde a data de presentación da solicitude desta, sen ter recaído resolución expresa.
3. As licenzas de apertura dos establecementos comerciais serán concedidas polos concellos, de acordo coa normativa vixente e conforme ao establecido nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento.
4. A Xunta de Galicia establecerá, con carácter xeral, as normas ás que deberán axustarse a normativa dos planos xerais urbanísticos, así como as normas subsidiarias de carácter municipal en materia de implantación de establecementos comerciais.
5. O disposto neste artigo será de aplicación, sen prexuízo do previsto no capítulo IV da presente lei, respecto das operacións suxeitas á necesaria obtención de Licenza Específica.

CAPÍTULO III

Dos Grandes Establecimientos Comerciais

Artigo 23. Concepto de Grande Establecimiento Comercial

1. Para os efectos do disposto na presente lei, terán a consideración de Grandes Establecimientos Comerciais os establecementos individuais ou colectivos que, destinándose ao comercio polo miúdo de calquera clase de artigo, teñan unha superficie útil para a exposición e venda ao público, acorde cos seguintes parámetros :
 - a) En municipios de máis de 25 000 habitantes, os que teñan unha superficie útil de exposición e venda igual ou superior a 2000 m² .
 - b) En municipios entre 20.000 e 25.000 habitantes, os que teñan unha superficie útil de exposición e venda igual ou superior a 1.200 m².
 - c) En municipios entre 15.000 e 20.000 habitantes, os que teñan unha superficie útil de exposición e venda igual ou superior a 1.000 m².
 - d) En municipios entre 5.000 e 15.000 habitantes, os que teñan unha superficie útil de exposición e venda igual ou superior a 800 m².
 - e) En municipios de menos de 5.000 habitantes, os que teñan unha superficie útil de exposición e venda igual ou superior a 650 m².
2. Con independencia do establecido no parágrafo anterior, non se aplicarán as limitacións establecidas neste capítulo aos establecementos individuais dedicados exclusivamente á exposición e á venda de automóbiles, embarcacións e outros vehículos, maquinaria industrial ou agrícola, materiais para a construción e artigos de saneamento, que requiran dun grande espazo físico, así como aos centros de xardinaría e moblaría, cando formaren parte dun establecemento colectivo e non superaren individualmente os 2500 m² de superficie útil de venda e exposición ao público.

3. Non terán a consideración de grande establecemento comercial os mercados municipais; porén, terán carácter de grande establecemento comercial os situados dentro dun mercado municipal e que, individualmente considerados, superen as superficies indicadas no parágrafo 1 do presente artigo.
4. Os centros comerciais de fabricantes, calquera que for a súa superficie útil para a exposición e venda, terán, en todo caso, o tratamento legal de grandes establecementos colectivos. Para tales efectos, terán a antedita consideración, os centros integrados por un conxunto de establecementos individuais de fabricantes de produtos non alimentarios ou de comerciantes autorizados por estes, nos que a oferta comercial posúe un alto compoñente de artigos vinculados a unha imaxe de marca e con prezos inferiores aos dos centros e establecementos tradicionais.
5. Non terán a consideración de grande establecemento comercial colectivo os denominados Centros Comerciais Abertos, entendendo por tales aquelas agrupacións de establecementos comerciais representativos do pequeno comercio ou comercio tradicional, situados nas rúas dun determinado contorno urbano delimitado e con tradición comercial, que ofrecen unha imaxe unitaria da oferta global e se rexen por criterios de xestión integral ou de conxunto.
6. Os grandes establecementos comerciais retallistas, tal e como se definen no presente capítulo, deberán inscribirse nun rexistro específico da dirección xeral competente en materia de comercio, ou nunha sección do Rexistro a que se refire o capítulo IV da presente lei, independentemente da data da súa implantación, anterior ou posterior, á entrada en vigor desta. En todo caso, a consellaría competente en materia de comercio establecerá os medios de coordinación con outras administracións e organismos que, por razóns da súa actividade e arquivos, permitan o rexistro automático daqueles establecementos que xa se achen en funcionamento.
7. Os datos de poboación que deben tomarse en consideración para determinar os grandes establecementos comerciais son os correspondentes ao último padrón que estea vixente.
8. Non perderá a condición de Grande Establecemento Comercial aquel establecemento individual que cumprindo os requisitos previstos no presente artigo para a súa

cualificación como Grande Establecemento Comercial, forme parte, á súa vez, dun Grande Establecemento Comercial de carácter colectivo.

Artigo 24. Superficie útil de exposición e venda ao público

1. Enténdese por superficie útil de exposición e venda ao público, toda aquela superficie onde se desenvolvan actividades de promoción de vendas e de intercambio comercial.
2. En particular, enténdense incluídos entre os espazos definidos no parágrafo anterior, os seguintes:
 - a) Os mostradores, estantes, vitrinas, góndolas, cámaras ou murais, así como os probadores, destinados á presentación dos artigos.
 - b) Nos establecementos comerciais que dispoñan de seccións de venda asistida por dependente, a zona ocupada polas persoas vendedoras detrás do mostrador, aínda que esta non teña acceso o público.
 - c) As superficies destinadas á preparación ou á reparación de mercadorías visibles polo público, aínda que non sexan accesibles.
 - d) Os espazos de venda, exteriores e interiores.
 - e) Escaleiras, corredores e calquera outro espazo destinado á permanencia e tránsito de persoas, precisos para o acceso aos artigos.
 - f) A liña das caixas rexistradoras, así como a zona entre estas e a saída, sempre que nesta se desenvolva algunha técnica de promoción comercial, directa ou indirecta.
3. Exclúense expresamente da superficie útil de exposición e venda ao público aquelas superficies destinadas ás seguintes finalidades:
 - a) Ás dependencias ou instalacións non accesibles ao público en xeral, en que non se desenvolva actividade comercial directa.
 - b) As zonas de estacionamento, sempre que nestas non se desenvolva actividade comercial ningunha.

- c) As zonas destinadas permanentemente á restauración e ao desenvolvemento de actividades lúdicas.

CAPÍTULO IV

Da Licenza Comercial Específica

Artigo 25. Operacións suxeitas a licenza comercial específica

1. Requirirase licenza comercial específica concedida pola consellaría competente en materia de comercio, previamente á solicitude das pertinentes licenzas municipais, nos seguintes casos :
 - a) Na apertura de grandes establecementos comerciais individuais ou colectivos definidos no artigo 24 desta lei.

Todo gran establecemento comercial individual integrado nun grande establecemento colectivo requirirá licenza comercial específica, con independencia da solicitada por este último.
 - b) As ampliacións ou modificacións estruturais das instalacións dun establecemento comercial cuxa superficie útil de exposición e venda ao público supere, antes ou despois da ampliación, as dimensións establecidas no artigo 24, en función da súa diferente tipoloxía.
 - c) Os cambios de actividade ou do sector do comercio dos grandes establecementos comerciais.
 - d) Os traslados dos establecementos comerciais cuxa superficie útil de exposición e venda ao público supere, antes ou despois do traslado, os límites establecidos no artigo 24, en función da súa diferente tipoloxía. En tal caso, a eficacia da licenza queda condicionada ao peche efectivo do establecemento inicial antes da apertura do novo.
 - e) A reapertura dun grande establecemento comercial que permanecese pechado por tempo superior a un ano.

- f) O cambio de titular que explota a licenza específica do Grande Establecemento Comercial individual. Cando esta operación se articule mediante a transmisión de accións ou participacións sociais, a licenza comercial específica deberá solicitarse unicamente cando a operación implicar a fusión, a escisión ou a disolución da sociedade transmitente, e para todos os establecementos que viñesen sendo explotados por aquela. Fican exentas da obriga de solicitar licenza comercial específica as transmisións hereditarias.
 - g) Os parques temáticos só requiren licenza comercial específica para as súas actividades comerciais cando o conxunto da superficie útil de exposición e venda ao público superar os 2000 m² ou o 15 por 100 da superficie edificada total. Enténdese por actividade comercial do parque temático a de venda polo miúdo de produtos directamente relacionados coa súa actividade principal dentro do seu recinto.
2. Non poderá iniciarse actividade comercial ningunha suxeita a licenza comercial específica mentres non se obteña a correspondente licenza. Serán nulas de pleno dereito as licenzas municipais que se concedan sen a preceptiva licenza comercial específica previa ou en contra das súas determinacións. En todo caso, os concellos deberán comunicar á dirección xeral competente en materia de comercio, no prazo máximo dun mes, a concesión das licenzas municipais, de obras e actividade que posibiliten levar a cabo as actuacións comerciais a que se refire o parágrafo 1 deste artigo.

Artigo 26. Criterios para a concesión de Licenza Comercial Específica

1. Co obxectivo básico de garantir a existencia dun nivel adecuado de equipamento comercial e unha correcta distribución territorial dos establecementos comerciais en Galiza, a consellaría competente en materia de comercio concederá ou denegará, razoadamente, as solicitudes de licenza comercial específica, conforme aos seguintes criterios :
- a) A valoración contida no informe técnico de oportunidade emitido pola Dirección Xeral competente en materia de comercio. Tal informe versará sobre a existencia ou non dun equipamento comercial adecuado na zona afectada polo novo

emprazamento solicitado, así como os efectos que este poida exercer sobre a estrutura comercial da área de influencia correspondente.

Este informe técnico de oportunidade, xunto cos demais informes emitidos pola Comisión de Equipamentos Comerciais, proporcionarán a este último e ao propio titular competente para dictar resolución, criterios técnicos e obxectivos, que lle permitirán adoptar unha decisión fundamentada, ponderada e adecuada ás necesidades comerciais do ámbito especial de referencia afectado.

En todo caso, considerarase que unha zona está dotada dun adecuado equipamento comercial, cando este asegure a adecuada protección do contorno urbano, garantindo a necesaria accesibilidade da poboación a unha oferta comercial suficiente, de acordo cun modelo de cidade compacta, segura e atractiva para os seus moradores e eventuais visitantes.

O efecto sobre a estrutura comercial existente valorarase tendo en conta a mellora que para a libre competencia supoña a apertura dun novo establecemento comercial na zona ou área de influencia, así como as posibles repercusións sobre o comercio existente con anterioridade.

- b) As características cualitativas e as condicións de seguranza do proxecto, a localización do establecemento e, en especial, a relación deste co contorno urbano e a incidencia sobre o medio ambiente. En particular, valorarase positivamente aquel proxecto que supoña a instalación do novo establecemento no centro urbano da poboación ou, en todo caso, dentro da trama urbana consolidada.
- c) Así mesmo, e para os efectos de adoptar unha decisión sobre a concesión da licenza comercial específica, a dirección xeral competente en materia de comercio, tamén valorará os seguintes aspectos :
 - 1) A contribución do proxecto ao reequilibrio territorial.
 - 2) O impacto sobre o territorio, tendo en conta a incidencia na rede viaria, a accesibilidade ao establecemento comercial e a dotación de zona de estacionamento e outros servizos. Valoraranse moi positivamente aquelas medidas previstas polo promotor encamiñadas a mellorar o acceso ao

equipamento comercial e que possibiliten o uso do transporte público e en máis dun medio de transporte.

- 3) A inclusión no proxecto de medidas encamiñadas ao incremento e calidade do emprego, e concederlle especial relevancia á tipoloxía de contratación laboral, así como o compromiso de incorporación ao mercado de colectivos de difícil inserción, tales como mulleres, mocidade, parados de longa duración e, en xeral, colectivos socialmente máis vulnerables.
- 4) A potencialidade do proxecto para revitalizar e/ou dinamizar unha zona debilitada, do punto de vista socio-económico e do emprego.
- 5) Medidas previstas polo promotor, encamiñadas á sustentabilidade ambiental, como as relacionadas coa xestión de residuos e a utilización de enerxías renovables, así como o uso racional da enerxía.
- 6) A reversión dos incrementos de valor que se xeren como consecuencia do proxecto do establecemento comercial e, en especial, as destinadas á revitalización do comercio nos centros urbanos, propiciándose, desta forma, a integridade e vitalidade comercial destes.
- 7) A inclusión no proxecto de compromisos firmes a favor dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias, tales como a adhesión ao sistema arbitral de consumo.
- 8) A inclusión no proxecto de establecemento de iniciativas sociais, tales como o artellamento de medidas dirixidas á compaxinación da vida persoal e laboral dos seus traballadores/as, especialmente a instalación de escolas infantís e centros de atención a persoas dependentes, así como a flexibilidade horaria que coadruven con tal fin.
- 9) Que o proxecto de establecemento comercial facilite e propicie a integración, dentro da súa superficie, de iniciativas de pequeno e mediano comercio, favorecendo un crecemento da estrutura comercial gradual e equilibrado, así como a revitalización do contorno comercial afectado. Valorarase positivamente a apertura de vías de diálogo co empresariado dos distintos formatos comerciais da zona de cara a acordar actuacións conxuntas que redunden nunha mellora da estrutura comercial preexistente, así como o deseño conxunto co empresariado comercial local de estratexias comerciais que coadruven á introdución progresiva e compensada de novos conceptos,

fórmulas e esquemas comerciais, así como a incorporación de servizos comúns.

- 10) Medidas previstas polo promotor encamiñadas á integración do gran establecemento comercial no tecido socio-laboral da área de influencia comercial.
2. Para os efectos da aplicación dos preceptos deste capítulo, enténdese por área de influencia comercial o territorio afectado pola implantación do establecemento comercial, canto aos efectos que pode producir na estrutura comercial e sobre a competencia, á vista do mercado potencial que abrangue a oferta dos seus produtos.

Artigo 27. Solicitude da Licenza Comercial Específica

1. Para o caso dun grande establecemento comercial de carácter individual, poderá solicitar a licenza comercial específica o seu promotor. Para os efectos desta lei, entenderase por promotor, tanto a persoa que impulsa a apertura dun establecemento comercial, como aquela que, no seu caso, vaia desenvolver efectivamente a actividade comercial.
2. No caso dun grande establecemento comercial de carácter colectivo, a licenza comercial específica deberá ser solicitada polo seu promotor, a non ser que neste se integren establecementos que individualmente posúan a consideración de Grande Establecemento comercial, en cuxo caso deberán presentar solicitude de licenza comercial específica, tanto o promotor do grande establecemento colectivo, como os suxeitos que explotarán os establecementos individualmente suxeitos a licenza comercial específica, conforme á presente lei

Artigo 28. Comisión de Equipamentos Comerciais.

1. Instituirase a Comisión de Equipamentos Comerciais como órgano colexiado para informar con carácter previo, preceptivo e non vinculante, sobre as solicitudes de licenza comercial para o establecemento ou a modificación dos grandes establecementos comerciais, así como no cambio de titularidade destas.
2. A Comisión de Equipamentos Comerciais terá a seguinte composición:
 - a) Presidente. Titular da consellaría competente en materia de comercio.

b) Vicepresidente. Titular da dirección xeral competente en materia de comercio

c) Vogais:

- Dúas persoas representantes da consellaría competente en materia de comercio.
- Unha persoa representante da consellaría competente en materia de ordenación do territorio.
- Unha persoa representante do Tribunal Galego de Defensa da Competencia.
- Unha persoa representante da consellaría competente en materia de traballo.
- Unha persoa representante da consellaría competente en materia de medio ambiente.
- Unha persoa representante da consellaría competente en materia de benestar social
- Unha persoa representante da Federación Galega de Municipios e Provincias.
- O titular da Presidencia do Consello Galego de Cámaras
- Dúas persoas expertas de recoñecido prestixio designados libremente polo conselleiro/a competente en materia de comercio.

d) Secretario/a. Será unha persoa funcionaria da dirección xeral competente en materia de comercio, quen actuará como tal con voz, mais sen voto.

3. As persoas vogais da Comisión de Equipamentos Comerciais, agás os de libre designación, serán nomeados polo titular da consellaría competente en materia de comercio, por proposta dos órganos e entidades ás que se refire o parágrafo anterior e deberá facerse por escrito, no prazo dun mes a partir da recepción do requirimento da citada consellaría.
4. Regulamentariamente establecerase o réxime de funcionamento e organización da Comisión de Equipamentos Comerciais.

Artigo 29. Dereitos e deberes dos promotores

1. É dereito dos promotores o desenvolvemento libre da súa actividade no marco da lexislación aplicable neste ámbito.

2. Son deberes dos promotores:
 - a) Desenvolver a súa actividade procurando adecuarse ás necesidades comerciais da área de influencia en que se sitúe o grande establecemento comercial.
 - b) Evitar calquera tipo de práctica de competencia desleal ou publicidade enganosa e, especialmente, as que poidan poñer en perigo a pervivencia dun sector de comercio da área de influencia comercial.
 - c) Evitar prácticas monopolísticas ou de dominio no mercado.
 - d) Custear ao seu cargo todas as obras de urbanización que xere a implantación da instalación comercial, financiar os gastos derivados da corrección dos impactos ambientais e adoptar á súa custa as medidas de ordenación do tránsito e accesos que lle correspondan en función dos termos da solicitude e da autorización.

Artigo 30. Procedemento de concesión da Licenza Comercial Específica

1. O procedemento para a concesión de licenza comercial específica iniciarase por instancia da persoa interesada quen deberá dirixirse, mediante unha solicitude, á consellaría competente en materia de comercio, conforme o previsto pola Lei 30/1.992, de 26 de novembro de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, polo disposto na presente lei e, no seu caso polo que estableza o correspondente regulamento aprobado pola Xunta de Galicia, tras a acreditación de pagamento da taxa correspondente, de acordo co establecido pola Lei de Taxas e Prezos Públicos da Comunidade Autónoma de Galicia.
2. Unha vez cuberta e examinada a documentación achegada pola persoa solicitante, e sen prexuízo do disposto no apartado 4 do presente artigo, a Dirección Xeral competente en materia de comercio recabará os seguintes informes non vinculantes, que se emitirán no prazo de dous meses:
 - a) Informe da dirección xeral competente en materia de comercio sobre a oportunidade do proxecto, cos fins previstos no parágrafo a) do artigo 26.

- b) Informe do Concello en cuxo termo municipal se pretenda emprazar o establecemento comercial, que deberá pronunciarse respecto da idoneidade do proxecto. En particular, o antedito informe deberá pronunciarse sobre a incidencia do proxecto do punto de vista urbanístico, atendendo ás determinacións do planeamento municipal, a saturación do sistema viario e polo incremento dos desprazamentos, a accesibilidade dos aparcamentos e a adecuación das infraestruturas de abastecemento e saneamento de augas, así como da iluminación pública. Transcorridos dous meses desde a recepción da petición de informe sen que o mesmo se tivese recibido, entenderase que o Concello non se opón á concesión da licenza.
 - c) Informe da Consellaría de Medio Ambiente sobre a idoneidade do proxecto, do punto de vista ambiental.
 - d) Informe da dirección xeral competente en materia de urbanismo, sobre a adecuación do proxecto ás normas urbanísticas aplicables nesta materia.
 - e) Informe do Tribunal Galego de Defensa da Competencia.
3. Unha vez recibidos os informes sinalados no parágrafo anterior e, sen prexuízo do disposto no parágrafo seguinte, convocarase a Comisión de Equipamentos Comerciais, que deberá emitir informe no prazo de dous meses. A Comisión deberá examinar toda a documentación presentada e emitir o informe correspondente, conforme cos criterios de valoración establecidos no artigo 26 da presente lei.

Artigo 31. Resolución

1. Sen prexuízo dos supostos de suspensión dos prazos de tramitación, o procedemento para a concesión da licenza comercial específica terá unha duración máxima de seis meses, contados desde a presentación da solicitude no correspondente rexistro público. Transcorrido o antedito prazo sen se ter adoptado resolución expresa, entenderase estimada a solicitude de licenza comercial específica por silencio administrativo.

2. A competencia para ditar a resolución correspondente sobre a solicitude de licenza comercial específica, corresponderá a quen desempeñe a titularidade da Consellaría competente en materia de comercio do Goberno Galego.
3. A concesión de licenza comercial específica non prexulga a concesión das licenzas municipais que foren precisas.
4. Non poderá ser concedida ningunha licenza municipal mentres non fose concedida a licenza comercial específica. Porén, ambas as dúas poderán ser tramitadas de forma simultánea, aínda que a concesión da licenza comercial municipal se manterá en suspenso até a resolución, favorable ou non, da licenza comercial específica. As resolucións denegatorias da licenza comercial específica terán carácter vinculante para os concellos.
5. Non poderá iniciarse ou desenvolverse a actividade comercial no establecemento de que se tratar mentres non se obteña a licenza comercial específica e demais autorizacións esixibles, de conformidade coa legalidade vixente.

Artigo 32. Coordinación coa Administración Local.

1. No prazo de quince días contados desde a resolución do titular da Consellaría competente, para os efectos da concesión das oportunas licenzas de actividade e obras, a Dirección Xeral competente en materia de comercio comunicará ao Concello en cuxo termo municipal se pretenda emprazar o establecemento autorizado o feito da concesión da licenza específica.
2. No prazo de tres meses desde a notificación ás persoas interesadas do acordo de concesión ou denegación das licenzas de actividade e obras, estas deberán informar á dirección xeral competente en materia de comercio da concesión ou non das referidas licenzas municipais e, no seu caso, das condicións ás que se subordinan e dos prazos de execución de obras e instalacións.

Artigo 33. Vixencia da licenza comercial específica

1. A licenza comercial específica terá carácter indefinido.

2. Sen prexuízo do disposto no artigo anterior, a licenza comercial concedida entenderase caducada no caso de o proxecto de instalación do establecemento comercial autorizado non se realizar na súa totalidade no prazo de execución previsto no seu propio proxecto. Este prazo non poderá ser superior a dezaoito meses contados desde a obtención do resto de autorizacións e licenzas preceptivas, sen prexuízo da posibilidade de prórroga por causas xustificadas, alegadas e probadas perante a Consellaría competente en materia de comercio para a concesión da licenza.
3. A solicitude de prórroga deberá realizarse cunha antelación mínima dun mes anterior á data de caducidade da licenza, e entenderase concedida de non recaer resolución expresa sobre esta no prazo de dous meses desde a recepción da solicitude. En ningún caso a prórroga poderá superar a metade do prazo inicialmente concedido.
4. A licenza comercial específica entenderase caducada cando, transcorridos tres anos desde a data de notificación da súa concesión, non se finalizasen na súa totalidade as actuacións para as cales foi concedida.
5. A declaración de caducidade da licenza comercial específica corresponderá ao órgano competente para a súa concesión.

TÍTULO III. HORARIOS COMERCIAIS

CAPÍTULO ÚNICO. Horarios comerciais

Artigo 34. Dos horarios comerciais.

Polo que respecta á regulación dos horarios comerciais, estes rexeranse pola Lei específica da Comunidade Autónoma de Galiza, nesta materia.

TÍTULO IV. ACTIVIDADES COMERCIAIS DE PROMOCIÓN DE VENDAS

CAPÍTULO I

Normas Xerais

Artigo 35. Concepto

1. Para os efectos da presente lei, enténdese por promoción de vendas aquelas en que a oferta comercial efectuada polo comerciante ás persoas consumidoras se realiza en condicións máis vantaxosas que as habituais coa finalidade de dar a coñecer un novo produto ou conseguir un aumento de venda dos existentes.
2. Terán a consideración de actividades comerciais de promoción de vendas, as vendas en rebaixas, as vendas de saldos, as vendas en liquidación, as vendas con desconto, as vendas con obsequio, e as vendas directas realizadas por fabricante ou maiorista.
3. As actividades de promoción de vendas que se realicen polos comerciantes en Galiza, unicamente poderán empregar as denominacións de vendas en rebaixas, vendas de saldos, vendas en liquidación, vendas con obsequio ou vendas en oferta, cando se axustaren á regulación respectivamente establecida na presente lei, e queda expresamente prohibida a utilización das citadas denominacións, ou outras asimilables, para anunciar vendas que non respondan ao correspondente concepto legal. En todo caso, fica prohibida a realización de calquera modalidade de promoción que, polas circunstancias en que se desenvolva, xere confusión con outra modalidade distinta e sexa susceptible de producir incumprimento das normas aplicables.
4. Toda venda promocional que, aínda tras se anunciar con distinta denominación, reúna as características de calquera das modalidades previstas nesta lei, entenderase asimilada a esta e quedará suxeita á súa regulación específica.

5. Regulamentariamente poderán desenvolverse as condicións e requisitos aplicables ás distintas actividades comerciais de promoción de vendas fixadas na presente lei.

Artigo 36. Requisitos xerais

1. As actividades promocionais de vendas deberán axustarse aos seguintes requisitos :
 - a) Os artigos non poderán ser adquiridos co fin exclusivo de seren incluídos nas promocións comerciais, agás a promoción para o lanzamento de novos produtos.
 - b) O comerciante haberá de procurar información clara, veraz e suficiente sobre o contido e as condicións das súas actividades promocionais, expresando, como mínimo o período de vixencia da promoción e o tipo de promoción que se realiza.
 - c) Cando as actividades de promoción de vendas non comprenderen, cando menos, a metade dos artigos postos á venda, entendéndose como artigo a unidade de produto individualmente comercializada, a práctica de promoción de que se tratar non se poderá anunciar como unha medida xeral, senon referida exclusivamente aos produtos ou grupos de produtos aos que realmente afecte.
 - d) Sempre que se oferten produtos a prezo reducido, deberá figurar con clareza, en cada un deles, o prezo anterior xunto co prezo reducido, ou en substitución deste último, a porcentaxe de redución aplicado, excepto que se trate de artigos postos á venda por primeira vez, en cuxo caso, non poderá facerse referencia ningunha, cuantitativa nin porcentual, que suxira algún tipo de desconto.

Entenderase por prezo anterior o que se viña aplicando sobre artigos idénticos durante un período continuado de, cando menos, trinta días no curso dos seis meses precedentes.

Porén, cando se tratar dunha redución porcentual dun conxunto de produtos postos á venda con anterioridade polo comerciante, abondará co anuncio xenérico da antedita redución, sen necesidade de que conste, individualmente, en cada produto ofertado.

- e) Os produtos ofertados nas actividades promocionais, excepto os saldos, deberán ter as mesmas características e someterse ás mesmas condicións contractuais que as existentes con anterioridade ao período de vixencia da actividade promocional. No caso de se ofertaren produtos a prezo normal e reducido, uns e outros deberán estar suficientemente separados ou sinalados, de forma que non poidan confundirse ou inducir, razoablemente, a erro entre os que son obxecto dun prezo reducido e os que non. Distinguirase, no seu caso, a existencia de cada unha das modalidades promocionais nun mesmo establecemento.
- f) O comerciante estará obrigado a admitir os mesmos medios de pagamento que acepta habitualmente no desenvolvemento da súa actividade comercial.
- g) Os comerciantes deberán comunicar á Consellaría competente en materia de comercio, cunha antelación mínima de quince días, as datas durante as que se pretendan realizar as seguintes actividades promocionais: vendas en rebaixas, vendas de saldos, vendas en liquidación, vendas con obsequio e/ou vendas en oferta, sempre que o conxunto de artigos, entendidos como bens individualmente considerados, obxecto de promoción, supere a cuarta parte do total dos expostos á venda nun momento determinado.

Esta comunicación deberá indicar as condicións aplicables á actividade promocional de que se tratar.

Artigo 37. Venda Multinivel

Concepto

1. A venda multinivel constitúe unha forma especial de comercio en que un fabricante ou comerciante maiorista vende os seus produtos ou servizos á persoa consumidora final a través dunha rede de comerciantes ou axentes distribuídores independentes, mais condicionados dentro dunha mesma rede comercial, e cuxos beneficios económicos se obteñen mediante unha única marxe sobre o prezo de venda ao público, que se distribúe mediante a percepción de porcentaxes variables sobre o total da facturación xerada polo conxunto das persoas consumidoras e dos comerciantes ou

distribuidores independentes integrados na rede comercial e, proporcionalmente, ao volume de negocio que cada compoñente crease.

2. Entre o fabricante ou o maiorista e a persoa consumidora final só será admisible a existencia dun distribuidor.

Artigo 38. Condicións

1. Queda prohibido organizar a comercialización de produtos e servizos nos seguintes supostos:
 - a) Cando o beneficio económico da organización e dos vendedores non se obtiver exclusivamente da venda ou do servizo distribuído aos consumidores finais, senón da incorporación de novos vendedores.
 - b) Para o caso de non se garantir adecuadamente que os distribuidores contén coa oportuna contratación laboral ou cumpran cos requisitos que veñen exixidos legalmente no desenvolvemento dunha actividade comercial.
 - c) Cando existir a obriga de realizar unha compra mínima dos produtos distribuídos por parte dos novos vendedores sen pacto de recompra nas mesmas condicións.
2. En ningún caso o fabricante ou maiorista titular da rede poderá condicionar o acceso a esta mediante a esixencia do aboamento dunha cuota ou canon de entrada que non sexa equivalente aos produtos e material promocional entregados a un prezo similar ao doutros homólogos existentes no mercado e que non poderán superar a cantidade que regulamentariamente se determinar.

Artigo 39. Prohibición das vendas piramidais

1. Prohíbese a venda realizada polo procedemento chamado “en cadea ou piramidal” e calquera outro análogo, consistente en ofrecer ás persoas consumidoras produtos ou servizos a un prezo inferior ao seu valor de mercado, de forma gratuíta, ou por calquera medio que implique un incentivo de compra, coa condición de que se consiga, directa ou indirectamente, para o vendedor ou para un terceiro, a adhesión doutras persoas ou un volume de venda determinado.

2. Prohíbese propor a obtención de adhesións ou inscricións coa expectativa de obter un beneficio económico relacionado coa progresión xeométrica do número de persoas reclutadas ou inscritas.

Artigo 40. Prohibición da venda a perda

Prohíbese a venda a perda, de acordo co establecido no artigo 11, capítulo III do título I da presente lei.

CAPÍTULO II

Vendas en Rebaixas

Artigo 41. Concepto

1. Para os efectos desta lei, enténdese por vendas en rebaixas as realizadas polos comerciantes en determinadas épocas do ano, xeneralmente vinculadas a períodos estacionais e fin de temporada, cando os artigos obxecto destas se oferten, no mesmo establecemento en que se exerce habitualmente a actividade comercial, a un prezo inferior ao fixado antes da anteditas vendas como consecuencia do remate dunha temporada comercial.
2. Queda prohibida a utilización da denominación de venda en rebaixas en relación con artigos deteriorados, artigos adquiridos para esta finalidade e artigos que non estiveren incluídos na oferta habitual do establecemento en condicións de prezo ordinario para a venda ao consumidor final cun mes de antelación á data de inicio da venda con rebaixas.
3. Os artigos ofrecidos en rebaixas non poderán ter sido obxecto de práctica promocional ningunha no curso dos trinta días anteriores á data de inicio da venda con rebaixas, excepto que a actividade promocional tivese como finalidade a de dar a coñecer un novo produto ou servizo ou a apertura dun novo establecemento.

Para os efectos do preceptuado no parágrafo anterior, considérase novo establecemento aquel que inicie a súa actividade comercial nos dous meses inmediatamente anteriores ao inicio do período de rebaixas legalmente establecido.

Artigo 42. Temporada de rebaixas

1. O Goberno da Xunta de Galicia, a través dunha orde da Consellaría competente en materia de comercio e, tras o informe do Consello Galego de Comercio, determinará as datas concretas das temporadas de rebaixas, que só poderán ser dúas ao ano; unha a principios de ano e a outra arredor do período estival de vacacións.
2. Corresponde aos comerciantes fixar o período de rebaixas, cuxa duración será, como mínimo dunha semana e, como máximo de dous meses, de forma continuada e dentro das datas concretas que fixe a Consellaría competente en materia de Comercio, conforme co disposto no parágrafo anterior.

Artigo 43. Condicións

1. Non poderá simultanearse, nun mesmo establecemento comercial e para o mesmo tipo de produtos, a venda en rebaixas con calquera outra actividade promocional de vendas regulada no presente título.
2. As datas de comezo e de final de rebaixas, libremente elixidas polos comerciantes, dentro do período legalmente establecido, indicaranse en sitio lexible ao público, mesmo cando os establecementos comerciais permanezan pechados.
3. Os letreiros e etiquetas deben exhibir, de forma ben visible, o prezo anterior e o novo prezo, ou, en substitución deste último, a porcentaxe de redución.

CAPÍTULO III

Vendas de Saldo

Artigo 44. Concepto

1. Considérase venda de saldos a de produtos ou artigos cuxo valor de mercado apareza manifestamente diminuído por causa da deterioración, desperfecto, desuso ou obsolescencia.
2. Non se poderá cualificar como venda de saldos a daqueles produtos cuxa venta baixo tal réxime implique risco ou engano para as persoas consumidoras, nin a daqueles produtos que non se vendan realmente por prezo inferior ao habitual.
3. Tampouco se poderá cualificar como venda de saldos aquela en que os artigos non pertencesen ao comerciante seis meses antes da data de comezo deste tipo de actividade comercial, coa excepción dos establecementos dedicados específica e exclusivamente ao referido sistema de venda, que serán os únicos que poderán saldar artigos alleos e artigos adquiridos especificamente coa finalidade de seren vendidos como saldos.

Artigo 45. Condicións

1. As vendas de saldos deberán anunciarse necesariamente con esta denominación ou coa de “venta de restos”.
2. A venda de saldos deberá publicitarse sinalando, cando menos, as circunstancias e causas concretas que a motivan; en particular deberá facerse constar, de maneira precisa e ostensible, cando se tratar de artigos deteriorados ou defectuosos, co fin de seren doadamente identificables polas persoas consumidoras.
3. Os establecementos dedicados específica e exclusivamente á venda de saldos deberán indicalo de forma que sexa claramente visible desde o exterior do local.

CAPÍTULO IV

Vendas en Liquidación

Artigo 46. Concepto

1. Enténdese por venda en liquidación a venda de carácter excepcional e de finalidade extintiva de determinadas existencias de produtos que, anunciada con esa denominación ou outra equivalente, ten lugar en execución dunha decisión xudicial ou administrativa, ou é levada a cabo polo comerciante ou polo adquirente por calquera título do negocio de aquel, nalgún dos casos seguintes:
 - a) Cesamento total ou parcial da actividade comercial. No suposto de que unha empresa sexa titular de diversos establecementos comerciais da mesma actividade, o cesamento total ou parcial da actividade de comercio deberá ser de todos os dunha mesma localidade. O peche total ou parcial dun único punto de venda non terá a consideración de cesamento total ou parcial, senón de cambio de local. Para o caso de cesamento parcial terá que indicarse a clase de mercadorías obxecto de liquidación.
 - b) Cambio de rama de comercio ou modificación substancial na orientación do negocio.
 - c) Cambio de local ou realización de obras de importancia neste que requiren o peche do local.
 - d) Calquera suposto de forza maior que cause grave obstáculo ao normal desenvolvemento da actividade comercial.
2. Non poderán ser obxecto deste tipo de actividade comercial aqueles artigos que non formasen parte das existencias do establecemento, ou aqueles que foron adquiridos polo comerciante con obxecto de incluílos na propia liquidación.

3. En todo caso, deberá cesar a venda en liquidación no caso de desaparecer a causa que a motivou ou para o caso de se liquidaren efectivamente os produtos obxecto da venda.

Artigo 47. Condicións

1. As vendas en liquidación deberán efectuarse no mesmo establecemento comercial ou locais afectados onde os produtos fosen habitualmente obxecto de venda, agás nos casos de forza maior, de resolución xudicial ou administrativa que o impida ou cando as causas que orixinaren a antedita venda así o esixiren e limitaranse aos artigos que formen parte das existencias do establecemento.
2. Para que poida ter lugar unha liquidación será preciso que, con vinte días de antelación, se comunique esa decisión á Consellaría competente en materia de comercio, precisando a causa que motiva a venda de liquidación, a data do seu comezo, duración, a relación de mercadorías e a data de finalización. Deberá exhibirse en lugar visible do establecemento comercial unha copia desta comunicación.
3. Os anuncios de liquidación deberán expresar a causa desta, así como a data de comezo e a duración da liquidación.

Artigo 48. Duración

1. A duración máxima da venda en liquidación será de seis meses, excepto no caso de cesamento total da actividade, que será dun ano.
2. No curso dos tres anos seguintes ao remate dunha venda en liquidación o vendedor non poderá exercer o comercio na mesma localidade sobre produtos similares aos que fosen obxecto de liquidación por calquera dos motivos sinalados nas letras a) e b) do parágrafo 1 do artigo 46.

Tampouco poderá proceder a unha nova liquidación no mesmo establecemento, excepto cando esta última teña lugar en execución de decisión xudicial ou administrativa, por cesamento total da actividade ou por causa de forza maior.

CAPÍTULO V

Vendas con Desconto

Artigo 49. Concepto

1. Para os efectos desta lei, considérase venda promocional con desconto a que consiste en ofrecer, mediante calquera procedemento publicitario, incluídos os anuncios expostos no propio establecemento, unha redución sobre o prezo aplicado con anterioridade por un comerciante sobre un determinado produto ou grupo de produtos.
2. Os artigos sobre os que se aplique desconto non poderán estar deteriorados ou ser de peor calidade que os que comercializaran con anterioridade.

Artigo 50. Condicións

A actividade promocional de venda con desconto axustarase ás seguintes condicións:

- a) A súa finalidade deberá consistir en potenciar a venda de determinados produtos ou no relanzamento dun establecemento que fose obxecto dunha importante remodelación física recente, o que se deberá acreditar achegando o oportuno proxecto técnico.
- b) Agás no suposto dun comercio remodelado, non poderá ser obxecto deste tipo de promoción, máis do corenta por cento dos artigos, entendidos como bens individualmente considerados, existentes no establecemento.
- c) O período máximo de duración dunha venda con desconto nun establecemento remodelado será de tres meses desde a data da súa reapertura.

Cando esta actividade for dirixida á promoción de determinados produtos, a súa duración non poderá ser inferior a un día nin superior a trinta.

En ambos os casos, os produtos promocionados non poderán ser obxecto de novas vendas con desconto.

- d) Todo anuncio de venda con desconto deberá especificar a súa duración e, no seu caso, as regras que se aplicarán. Así mesmo, deberá indicar os produtos afectados, agás para o suposto de se desenvolver este tipo de promoción nun establecemento remodelado e de se atoparen incluídos na referida promoción, cando menos, a metade dos artigos postos á venda.

CAPÍTULO VI

Vendas con Obsequio

Artigo 51. Concepto

Considéranse vendas con obsequio aquelas en que o comerciante utiliza concursos, sorteos, regalos, vales, premios ou similares, vinculados á oferta aos compradores doutros produtos ou servizos, de forma gratuíta ou con prezos reducidos coa finalidade de promocionar as vendas, quer de maneira automática quer participando nun sorteo ou concurso.

Artigo 52. Condicións

As vendas con obsequio ou prima deberán cumprir os seguintes requisitos ou condicións :

- a) Durante o período de duración da venda con obsequio queda prohibido modificar o prezo á alza, así como diminuír a calidade do produto.
- b) O número de existencias coas que debe contar o comerciante para afrontar a entrega dos obsequios, así como as base polas que se rexerán os concursos, sorteos ou similares deberán constar no envase ou envoltorio do artigo de que se tratar, ou no seu defecto, estar debidamente acreditadas perante notario, e será obrigatoria a difusión das persoas gañadoras dos premios vinculados á oferta.

- c) Na comunicación a calquera persoa de que foi agraciada cun premio, deberase sinalar clara e expresamente que non se acha condicionada á adquisición de ningún produto ou servizo. A comunicación desta circunstancia impedirá que o comerciante poida esixir a adquisición dun produto ou servizo como condición para a entrega do premio.
- d) Os bens e os servizos en que consistan os obxectos ou incentivos promocionais deberán entregarse á persoa compradora no momento da compra, ou ben nun prazo máximo de tres meses, que contará desde que o comprador reúna os requisitos esixidos. Todo sorteo, aposta ou concurso en que se esixa á persoa participante un desembolso inicial estará suxeito á lexislación vixente do xogo, agás que o sorteo ou concurso se ofrezca como obsequio coa compra de produtos.
- e) Cando o ofrecemento se realizase nos envases dos produtos, o dereito a obter a prima ofrecida poderá exercerse, como mínimo, durante os tres meses seguintes á data de caducidade da promoción.
- f) No caso de os obsequios ofrecidos formaren parte dun conxunto ou dunha colección, a empresa responsable da oferta estará obrigada a trocar calquera daqueles por outro distinto, a non ser que na oferta pública do incentivo se establecese outro procedemento para obter as diferentes pezas da colección.
- g) As vendas con obsequio axustaranse, en canto aos casos en que procedan, as súas formas, dirección, efectos e garantías, ao disposto na lexislación vixente para a Defensa dos Consumidores e usuarios e na normativa vixente e, na lexislación aplicable en materia de comercio.
- h) Considerarase enganosa a oferta de produtos con premio ou regalo, cando as persoas consumidoras non recibiren real e efectivamente o que razoablemente caiba esperar, de acordo coa oferta realizada.

CAPÍTULO VII

Venda directa realizada por Fabricante ou Maiorista

Artigo 53. Concepto e condicións

1. Entenderase que existe unha venda directa cando un fabricante ou maiorista ofrezca os seus produtos ao consumidor final.
2. A venda non poderá realizarse no recinto fabril ou almacén, senón que se deberá realizar nun establecemento comercial especificamente habilitado para tal fin.
3. Queda prohibido que na oferta ao público de mercadorías de calquera clase se invoque polo vendedor a súa condición de fabricante ou maiorista, a non ser que reúna as circunstancias seguintes:
 - a) Que, no primeiro caso, fabrique realmente a totalidade dos produtos postos á venda e, no segundo, realice as súas operacións de venda, fundamentalmente a comerciantes polo miúdo.
 - b) Que os prezos ofertados sexan os mesmos que se aplican aos comerciantes maioristas ou minoristas, segundo os casos.

TÍTULO V.-MODALIDADES ESPECÍFICAS DE VENDA

CAPÍTULO I

Xeneralidades

Artigo 54. Principio xeral

Toda actividade comercial debe desenvolverse, agás os supostos especialmente previstos nesta lei, no propio establecemento permanente do vendedor e por calquera dos métodos de venda admitidos pola práctica comercial.

Artigo 55. Concepto

1. Considéranse vendas especiais aquelas non realizadas nun establecemento comercial aberto ao público de maneira permanente e, especialmente, as vendas a domicilio, as vendas a distancia, as vendas automáticas, as vendas ambulantes, as vendas en poxa pública e as vendas ocasionais.
2. Os comerciantes que se dediquen á realización de calquera das modalidades de venda sinalados no número anterior deberán dispor das autorizacións ou acreditacións, en cada caso, precisas para a súa realización, e estarán obrigados a cumprir os preceptos desta lei, así como todos os requisitos establecidos na súa normativa específica aplicables aos obxectos de venda, en particular en materia de sanidade e seguranza. Así mesmo, deberán figurar inscritos na sección que para cada unha delas se abra no Rexistro de Comerciantes e Actividades Comerciais de Galiza, ao que se refiren os artigos 5.3 e 13 da presente lei; todo isto, sen prexuízo da obriga de inscrición noutros rexistros sectoriais ou de carácter estatal.

CAPÍTULO II

Vendas a Domicilio

Artigo 56. Concepto

1. Considéranse vendas domiciliarias aquelas formas de distribución comercial exercidas por comerciantes suficientemente identificados e inscritos no Rexistro de Comerciantes e Comercios de Galiza, en que estes toman a iniciativa de venda, propóndose ou concluíndose os contratos co comprador no seu domicilio particular ou lugar de traballo, no que se presentan o vendedor, os seus empregados ou os seus representantes.
2. Asimilaranse ás vendas a domicilio e quedan sometidas ao seu mesmo réxime :
 - a) As denominadas vendas en reunións, en que a oferta das mercadorías se efectúa mediante demostración practicada perante unha ou varias persoas, en reunión

ocasionalmente organizada por unha delas no seu propio domicilio ou por petición do vendedor.

b) As realizadas durante unha excursión organizada polo comerciante.

3. Non se consideran comprendidos no antedito concepto os repartos a domicilio de mercadorías adquiridas en establecementos permanentes, nin as entregas a domicilio de mercadorías baseadas na existencia dun contrato de subministración entre o cliente e quen realiza o reparto ou o seu principal.
4. En ningún caso poderán venderse a domicilio bebidas, produtos alimenticios nin calquera outros aos que a súa normativa reguladora prohiba expresamente a súa posta no mercado mediante este sistema de venda, así como os que, pola súa forma de presentación ou por outras circunstancias, non cumpran as normas técnico-sanitarias ou de seguranza que lles foren aplicables.

Artigo 57. Condicións

1. Os comerciantes que exerceren este tipo de vendas terán que reunir, ademais das condicións xerais para o exercicio da actividades comercial sinalados no artigo 5 desta lei, todos aqueles establecidos nas regulacións específicas aplicables aos produtos obxecto de venda.
2. A publicidade da oferta, que deberá ser entregada á persoa consumidora, incluírá a identificación da empresa vendedora, os datos esenciais do produto, de forma que permitan a súa identificación inequívoca no mercado e o prezo, a forma e as condicións de pagamentos, gastos e prazo de envío.
3. O vendedor está obrigado a pór en coñecemento da persoa consumidora, por escrito, o dereito que a asiste de dispor dun período de reflexión, non inferior a sete días, durante o cal pode decidir a devolución do produto de que se tratar e recibir as cantidades que entregase, de conformidade co establecido na normativa vixente en materia de protección das persoas consumidoras, no caso dos contratos realizados fóra dos establecementos comerciais.

CAPÍTULO III

Vendas a Distancia

Artigo 58. Concepto

1. Consideraranse vendas a distancia as realizadas sen a presenza física simultánea das persoas compradora e vendedora, en que se transmite a proposta de contratación do vendedor e a aceptación do comprador por un medio de comunicación a distancia de calquera natureza e, dentro dun sistema de contratación a distancia organizado polo vendedor.

En particular, estarán incluídas neste concepto as vendas por teléfono, as vendas por correspondencia, xa for mediante envío postal, por catálogo, a través de impresos ou por anuncios na prensa, as vendas ofertadas polo chamado sistema de telecompra ou por calquera outro medio que se desenvolva no futuro de similares características.

2. O disposto no presente capítulo non será de aplicación:
 - a) Ás vendas realizadas mediante distribuídores automáticos ou locais comerciais automatizados.
 - b) Ás vendas celebradas en poxas.
 - c) Aos produtos realizados a medida.
 - d) Aos contratos de subministración de produtos alimenticios, de bebidas ou doutros artigos de fogar non duradeiros e de consumo corrente.
 - e) Ás empresas que, utilizando os servizos de operadores de telecomunicacións, portais, ou calquera outro servizo de acceso a Internet, ofreza e venda os seus produtos a través deste medio, en cuxo caso será de aplicación a lei vixente de servizos da Sociedade da Información.

Artigo 59. Requisitos administrativos

1. Con carácter previo ao exercicio da actividade de venda a distancia en calquera ámbito territorial, as persoas físicas ou xurídicas domiciliadas en territorio galego deberán solicitar a autorización específica da dirección xeral competente en materia de comercio interior da Xunta de Galicia.

Tamén deberán solicitar autorización previa da nomeada dirección xeral aquelas persoas físicas ou xurídicas que, sen estaren domiciliadas en territorio galego, difundan as súas ofertas por medios que abranguen a Galiza, sempre que non viñesen legalmente obrigadas a solicitar autorización de calquera outra institución gobernativa de ámbito estatal, en cuxo caso e, como paso previo á difusión das súas ofertas, deberán poñelo en comunicación da referida dirección xeral, con expresa mención e confirmación da autorización concedida e, no seu caso, da inscrición no Rexistro á que se refire o artigo 13 desta lei.

2. Á solicitude de autorización, dirixida á dirección xeral competente en materia de comercio, achegarase unha memoria explicativa da actividade que se vai realizar, así como da documentación que acredite o cumprimento dos requisitos legais inherentes á modalidade de venda a distancia que a persoa solicitante se propón exercer.

Ademais, a persoa solicitante deberá acreditar os seguintes datos:

- a) Identificación da empresa, así como do seu titular.
- b) Estrutura e composición dos órganos de administración e goberno da persoa xurídica.
- c) Relación de produtos ou servizos que configuran a oferta comercial.
- d) Ámbito de actuación.
- e) Clase ou clases de medios de comunicación para transmitir as propostas de contratos e para recibir as respostas das persoas consumidoras.
- f) Referencia ao sistema comercial previsto e ao lugar para atender as reclamacións dos consumidores e para atender o exercicio, por parte destes do dereito de desistimento ou revogación.
- g) Lugares onde a empresa teña establecidos almacéns e, no seu caso, locais comerciais relacionados coa actividade para a que se solicita autorización.

Esixirase, así mesmo, acreditar todos aqueles datos que puideren resultar precisos para unha adecuada coordinación e colaboración interadministrativa con outras Administracións Públicas.

A documentación presentada deberá acreditar que o empresariado que se propuxer practicar esta forma de distribución comercial cumpre cos requisitos establecidos nas regulamentacións e nas normas específicas aplicables aos produtos obxecto de comercialización e en calquera outra regulamentación sectorial que resultar de aplicación.

3. A autorización entenderase concedida unha vez transcorridos 4 meses, contados a partir da presentación da solicitude ou desde a presentación da información e da documentación complementaria requirida, sen se ter notificado resolución expresa.
4. Calquera cambio producido na empresa que implique o cesamento total ou parcial da súa actividade, ou afecte a algunha das circunstancias referidas no número 1 do presente artigo, suporá a obriga, por parte do seu titular, de poñelo en coñecemento da dirección xeral competente en materia de comercio, dentro do prazo de tres meses contados desde que tal cambio tivese lugar.
5. A dirección xeral, tras a audiencia da persoa interesada, poderá suspender temporalmente a eficacia da autorización cando as circunstancias así o requiriren e revogará a autorización cando se incumpriren ou cando se perderen, de forma sobrevida, os requisitos que motivaron a súa concesión ou cando o empresario cesar na actividade de venda a distancia.
6. Na dirección xeral competente en materia de comercio existirá un rexistro especial de empresas de venda a distancia, de carácter administrativo e público, en que se inscribirán, de oficio, as autorizacións concedidas pola propia dirección xeral e anotaranse as resolucións de suspensión temporal que lles afecten, así como as súas posteriores modificacións. Así mesmo, procederase á cancelación da inscrición para os supostos de anulación, revogación e/ou cesamento de actividade.

O Rexistro de empresas de venda a distancia poderá integrarse como unha sección do Rexistro a que se refire o artigo 13 desta lei.

O Rexistro especial da Xunta de Galicia deberá estar coordinado cos rexistros de igual ou similar natureza doutras Administracións Públicas do Estado, con quen establecerá unha mutua e recíproca colaboración.

Incorporaranse ao Rexistro os medios técnicos e informáticos adecuados, coas limitacións que para a utilización destes medios e para o acceso aos documentos relativos a materias protexidas polo segredo comercial ou industrial, establecen as leis.

7. As empresas de venda a distancia deberán facer constar nos seus anuncios comerciais os datos que identifican a súa inscrición no rexistro.
8. Contra as resolucións da dirección xeral en materia de autorizacións da actividade de venda a distancia e de inscricións no Rexistro especial da Xunta de Galicia poderá interpoñerse recurso perante a persoa que exercese a titularidade da Consellaría competente en materia de comercio.

Artigo 60. Condicións

1. En todas as propostas de contratación deberá constar, inequivocamente, que se trata dunha proposta comercial.

Así mesmo, deberase informar á persoa consumidora de que a utilización dunha técnica de comunicación a distancia para a transmisión do pedido posúe carácter oneroso, agás que este extremo resulte evidente.

En todo caso, deberán cumprirse as disposicións vixentes sobre respecto á intimidade e sobre protección dos menores, considerándose soamente o nome, os apelidos e o domicilio das persoas que figuran no censo electoral como datos accesibles ao público nos termos establecidos na lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal, e dando ás persoas a oportunidade de se oporen a recibir comunicacións comerciais.

2. Todas as ofertas de venda a distancia conterán, de forma clara e inequívoca, os seguintes datos informativos :
 - a) A identidade do oferente.
 - b) O produto ou o servizo que se ofrece, cunha descrición destes con todos os datos sobre a súa natureza, cantidade, calidade, posibilidades de consumo ou de uso que facilite a súa identidade e garantía, no seu caso.

- c) O prezo total que hai que satisfacer, de conformidade co disposto no artigo 10 da presente lei, separando o importe dos gastos de envío, se van a cargo do consumidor e, ou calquera outro gasto que incrementar o importe final que debe pagar a persoa consumidor e especificando o sistema de reembolso.
 - d) O prazo máximo de recepción ou de posta a disposición da persoa consumidora do produto ou servizo obxecto da transacción, desde o momento da recepción do encargo.
 - e) O período de reflexión durante o cal a persoa consumidora pode devolver o produto e recibir a cantidade satisfeita, que non poderá ser inferior a trinta días.
 - f) A forma de pagamento e as modalidades de entrega e execución. Nos supostos de pagamento aprazado, deberán indicarse as cantidades periódicas, así como a total para aboar a persoa compradora.
 - g) O sistema de devolución, no seu caso, coa información de que os gastos correspondentes van a cargo do comerciante para o caso de disconformidade co envío, antes de transcorrer o período de reflexión referido á letra anterior.
3. En ningún caso a falta de resposta da oferta de venda a distancia poderá considerarse como aceptación daquela.
 4. Para o caso de o vendedor enviar á persoa destinataria da oferta o produto ofertado, sen aceptación explícita deste, aplicarase o disposto no número seguinte.
 5. Queda prohibido enviar ás persoas consumidoras artigos ou mercadorías non pedidas por estas ao comerciante, excepción feita das mostras comerciais. No caso de así o facer e, sen prexuízo da infracción que tal conduta supoña, a persoa receptora de tales artigos non estará obrigada á súa devolución, nin poderá reclamárselle o prezo. E no suposto que decida devolvelo, non deberá indemnizar polos danos e deméritos que presente o produto.

Non será de aplicación o disposto na alínea anterior cando for evidente que o envío se debía a un erro, xa que tiña a finalidade de responder a unha demanda que, en realidade, non se producira. Neste caso, a persoa receptora deberá gardalo a disposición do vendedor durante un mes desde que se comunique a recepción errónea do obxecto, e terá dereito a retelo até ser indemnizada cunha cantidade igual ao dez

por cento do seu valor en venda ou facelo seu definitivamente, se esta indemnización non lle for satisfeita no prazo anteriormente indicado.

6. De non se indicar na oferta o prazo de execución do pedido, este deberá cubrirse dentro dos trinta días seguintes ao da súa recepción polo vendedor.

Só poderá esixirse o pagamento antes da entrega do artigo cando se tratar dun pedido que se elaborase con algún elemento diferenciador para un cliente específico e por solicitude deste último.

7. O comprador poderá desistir libremente do contrato dentro do prazo de sete días contados desde a data de recepción do artigo.

No caso de se ter efectuado a adquisición do artigo mediante un acordo de crédito, o desistimento do contrato principal suporá a resolución daquel.

O exercicio do dereito de desistimento non estará suxeito a formalidade ningunha, e abondará que se acredite baixo calquera forma admitida en Dereito.

O dereito de desistimento do comprador non pode implicar a imposición de penalidade ningunha, aínda que a persoa compradora deberá satisfacer os gastos directos de devolución e, no seu caso, indemnizar polos desperfectos do obxecto de compra.

8. O disposto no número anterior non será de aplicación aos seguintes supostos:
 - a) Aos produtos cuxo prezo estea suxeito a flutuacións dun mercado non controlado polo provedor ou oferente.
 - b) Aos contratos realizados con intervención de fedatario público.
 - c) Tampouco se estenderá o dereito de desistimento, agás pacto en contrario, ás vendas de artigos que poidan ser reproducidos ou copiados con carácter inmediato, que se destinen á hixiene corporal ou que, atendendo á súa natureza, non poidan ser devolvidos.
 - d) Contratos de subministración de bens confeccionados conforme a especificacións do consumidor ou claramente personalizados ou que, pola súa natureza, non poidan ser devolvidos ou poidan deteriorarse ou caducar con rapidez.

- e) Contratos de subministración de grabacións sonoras ou de vídeo, de discos e de programas informáticos que fosen desprecintados polo consumidor, así como de ficheiros automáticos subministrados vía electrónica, susceptibles de seren descargados ou reproducidos con carácter inmediato para o seu uso permanente.
 - f) Contratos de subministración de prensa diaria, publicacións periódicas e revistas.
9. Cando o importe dunha compra fose cargado mediante a utilización do número dunha tarxeta de pagamento, sen que esta fose presentada directamente ou identificada electronicamente, o seu titular poderá exixir a inmediata anulación do cargo.

En tal caso, as correspondentes anotacións do adebedado e reabamento nas contas do provedor e do titular efectuaranse coa maior brevidade.

Porén, de ter sido efectivamente realizada a compra polo titular da tarxeta e, xa que logo, terse esixido indebidamente a anulación do correspondente cargo, aquel quedará obrigado fronte ao vendedor ao resarcimento dos danos e das perdas ocasionados como consecuencia da antedita anulación.

10. Á execución do contrato, o comprador deberá ter recibido, por escrito, a información comprensiva de todos os datos sinalados no número 2 deste artigo e, ademais, os seguintes:
- a) Enderezo dun dos establecementos do vendedor, así como o seu domicilio social.
 - b) No seu caso, condicións de crédito ou pagamento graduado.
 - c) Documento de desistimento ou revogación, identificado claramente como tal, contendo o nome e enderezo da persoa a quen debe enviarse e os datos de identificación do contrato e dos contratantes a que se refire.
11. A renuncia efectuada, explícita ou implicitamente, pola persoa consumidora aos dereitos que lle son recoñecidos no presente capítulo será nula e non impedirá a acaída aplicación das normas nel contidas.

Artigo 61. Requisitos especiais

1. Os requisitos que deberán reunir as persoas físicas ou xurídicas que se dedicaren á actividade da venda á distancia, á marxe das previstas nos artigos precedentes, así como as sinaladas no capítulo II, do título I desta lei, serán os seguintes:

- a) Cumprir os requisitos previstos na normativa específica reguladora dos produtos obxecto desta modalidade de venda.
 - b) Levar e ter a disposición das autoridades competentes unha relación autorizada dos produtos que se comercializan, ds súas ofertas, dos centros de distribución e dos domicilios sociais, así como da recepción de pedidos e solicitudes de información.
 - c) Ter os almacéns onde se atopen os produtos nas condicións adecuadas, segundo o establecido na lexislación vixente.
2. Non poden efectuarse envíos de ofertas para o caso de implicar o sistema utilizado calquera gasto para a persoa destinataria, agás que exista a solicitude previa da oferta por parte deste último.

CAPÍTULO IV

Vendas Automáticas

Artigo 62. Concepto

1. Enténdese por venda automática a forma de distribución retalista na cal se pon ao dispor das persoas consumidoras o produto ou o servizo para que estas o adquiran mediante o accionamento de calquera tipo de mecanismo e tras o pagamento do seu importe.
2. Para os efectos desta lei, non privará a unha venda da súa condición de automática o feito de o mecanismo de venda se atopar instalado nun establecemento comercial.
3. Todas as máquinas ou os mecanismos de venda automática deberán cumprir a normativa vixente en materia de homologación.
4. Para a instalación de máquinas ou mecanismos de venda automática requirirase a autorización específica das autoridades competentes por razón do produto obxecto da actividade, así como a do concello respectivo, e corresponde a este último, a obriga de comunicar, no seu caso, o acordo de concesión á dirección xeral competente en materia de comercio, no prazo dun mes, contado a partir da data de notificación da referida autorización. Unha vez recibida a antedita comunicación, a dirección xeral

procederá á correspondente inscrición no Rexistro á que se refire o artigo 13 da presente lei. Serán tamén esixibles as autorizacións que resultaren precisas por outras razóns de carácter sectorial.

Artigo 63. Condicións.

As máquinas ou os mecanismos de venda automática deberán reunir os requisitos que regulamentariamente se determinen e, en todo caso, os seguintes.

- a) Conter un sistema, tamén automático, de recuperación de moedas e/ou billetes para os supostos de erro, inexistencia de mercadorías ou mal funcionamento da máquina ou mecanismo de venda.
- b) Levar claramente exposto o nome ou razón social e domicilio da empresa a quen pertencen, así como a indicación do lugar e teléfono de contacto onde serán atendidas as posibles reclamacións.
- c) Levar claramente exposto o prezo exacto do produto ou servizo que vendan, así como os tipos de moedas que admiten para a obtención daqueles, e indicar así mesmo, claramente, se inclúe ou non devolución de cambio.
- d) No caso de produtos alimentarios, unicamente están autorizados para a súa venda automática os que estean envasados, os cales levarán a identificación que estiver prescrita pola normativa vixente en materia de etiquetaxe e comercialización.
- e) Os comerciantes que se dedicaren á actividade da venda automática cumprirán os requisitos que establece a presente lei no artigo 5.
- f) Para o caso das máquinas ou mecanismos de venda estaren instalados nun local destinado ao desenvolvemento dunha empresa ou actividade privada, os titulares desta responderán solidariamente co da propia máquina fronte á persoa compradora, do cumprimento das obrigas derivadas da venda automática.

CAPÍTULO V

Venda ambulante ou non sedentaria

Artigo 64. Concepto

1. Considérase venda ambulante ou non sedentaria a realizada por comerciantes, fóra dun establecemento comercial permanente de forma habitual, ocasional, periódica ou continuada, nos perímetros ou lugares debidamente autorizados en instalacións comerciais desmontables ou transportables, incluíndo os camións tenda.
2. As vendas efectuadas dentro dos locais ou dos recintos ocupados por un certame feiral non terán a consideración de ambulante.

Artigo 65. Tipoloxía de venda ambulante ou non sedentaria

Para os efectos desta lei, enténdese por :

- a) Venda ambulante en mercados periódicos: aquela autorizada nos mercados situados en poboacións, en lugares e espazos determinados, cunha periodicidade habitual establecida. Dentro deste apartado están encadradas, entre outras, as realizadas en feiras, mercadiños e rastros.
- b) Venda ambulante en mercados fixos: aquela autorizada en lugares anexos aos mercados municipais ou de abastos, con instalacións permanentes nas poboacións.
- c) Venda ambulante en postos desmontables instalados na vía pública: aquela autorizada para un número de postos, situacións e períodos determinados.
- d) Venda ambulante en mercados ocasionais: aquela autorizada en mercados esporádicos, que teñan lugar con motivo de feiras, festas ou acontecementos populares.
- e) Venda ambulante mediante camións ou vehículos-tenda: aquela realizada nos citados medios e autorizada en zonas ou lugares determinados.

Artigo 66. Condicións

1. O exercicio da venda ambulante, coas tipoloxías establecidas no artigo anterior, estará suxeita á obtención de licenza, e corresponde aos concellos a súa autorización, conforme co disposto nesta lei e nas súas disposicións de desenvolvemento. Con tal fin, os concellos ditarán as correspondentes ordenanzas municipais de venda ambulante, nas que determinarán, como mínimo:
 - a) Os lugares e os períodos en que poida desenvolverse a venda ambulante, así como a tipoloxía admitida, tendo en conta as características e necesidades de cada municipio e especialmente os seguintes indicadores:
 - 1) Nivel de equipamento comercial da zona.
 - 2) Densidade de tránsito e circulación.
 - 3) Acceso a locais comerciais ou industriais, aos seus escaparates ou exposicións.
 - 4) Acceso aos edificios de uso público.
 - 5) Condicións para garantir a adecuada sanidade e hixiene.
 - 6) Interese das persoas consumidoras.
 - 7) Tradición e raizame no municipio desta modalidade de venda.
 - b) Requisitos para o exercicio da venda ambulante.
 - c) Réxime de autorizacións.
 - d) Número de postos ou licenzas.
 - e) Produtos que poderán ser ofrecidos á venda.
 - f) Taxa que hai que pagar pola concesión da licenza.
 - g) Réxime interno de funcionamento do mercado, no seu caso.
 - h) Previsión do réxime sancionador.
 - i) Relación de dereitos e deberes dos comerciantes ambulantes.
2. Serán requisitos inexcusables para a concesión da referida licenza de venda ambulante os seguintes:

- a) A acreditación da inscrición previa no Rexistro de Comerciantes e Comercios de Galiza, na sección correspondente á venda ambulante, ademais do cumprimento dos requisitos sinalados, con carácter xeral no artigo 5 da presente lei.
 - b) Estar dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social, así como ao día no pagamento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
 - c) Cumprir cos requisitos das regulamentacións de cada tipo de produtos.
 - d) Estar en posesión , no seu caso, do carné de manipulador de alimentos.
 - e) Satisfacer as taxas e os tributos fixados na correspondente ordenanza municipal.
 - f) Dispor dos permisos de residencia e traballo que, en cada caso, foren esixibles, se se tratar de estranxeiros.
 - g) Ter seguro de responsabilidade civil.
 - h) As persoas xurídicas deberán acreditar os seguintes extremos: C.I.F.; acta de constitución; estatutos; escritura de poder outorgada á persoa asignada á solicitude de inscrición en representación da empresa.
3. En ningún caso poderán ser obxecto de venda ambulante ou non sedentaria os bens ou produtos cuxa propia normativa o prohiba, especialmente os de carácter alimentario e aqueles outros que, por razón da súa presentación ou outros motivos, non cumpran a normativa técnico-sanitaria e de seguranza. En todo caso, non se poderán vender alimentos ou produtos alimentarios non envasados por quen careza do carné de manipulador de alimentos.

Así mesmo, os concellos cuidarán de que os lugares destinados ao exercicio da venda ambulante se atopen en axeitadas condicións de limpeza e salubridade e de que contén cunha adecuada dotación de infraestruturas. En especial, para o exercicio da modalidade de venda establecida na letra b) do artigo 65, os concellos estarán obrigados a habilitar espazos suficientes dentro dos propios mercados ou prazas de abastos, ou fóra destes recintos que cumpran as referidas condicións.

4. As licenzas concederanse en condicións non discriminatorias, mais deberá preferirse a aqueles comerciantes que teñan concertado un seguro de responsabilidade civil polos danos que puideren causar cos seus produtos. Para o caso de que a ordenanza

correspondente realizase a previsión dunha reserva de postos, deberá utilizar para tal fin criterios obxectivos.

5. A titularidade das licenzas axustarase ás seguintes condicións:

- a) As licenzas poderán concederse, tanto a persoas físicas como a sociedades e serán intransferibles. Porén, e conforme ao que nela se determinar, a autorización habilitará, ademais de ao seu titular, ao cónxuxe deste, aos seus descendentes directos maiores de dezaseis anos e ás persoas a el vinculadas por contrato laboral, sempre que estean dados de alta no correspondente réxime da Seguridade Social.
- b) No suposto de que a licenza for concedida a unha sociedade, esta deberá indicar ao concello o nome da persoa, socio ou dependente, que desenvolverá a actividade, a cal deberá estar dada de alta no réxime da Seguridade Social que corresponda.

Artigo 67. Información ao público

As persoas que exerceren o comercio ambulante deberán ter exposto en forma facilmente visible e lexible para o público os seus datos persoais e o documento en que conste a correspondente autorización municipal, así como un enderezo para a recepción das posibles reclamacións.

Artigo 68. Coordinación entre as diversas Administracións Públicas.

Os concellos remitirán, dentro do primeiro trimestre de cada ano natural, á dirección xeral competente en materia de comercio, unha relación actualizada dos comerciantes aos que se lles concedese a licenza correspondente para o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria.

Artigo 69. Facultades de inspección e sanción

Corresponde aos concellos a inspección e sanción en materia de venda ambulante, sen prexuízo das competencias atribuídas a outras administracións.

Porén, a Consellaría competente en materia de comercio poderá instar aos concellos para que estes procedan á apertura do correspondente expediente sancionador, para o suposto de ter recibido denuncia sobre feitos que puidesen implicar a vulneración dalgún requisito establecido na presente lei con acreditación da pasividade por parte do concello de que se tratar.

Para os efectos do parágrafo anterior, entenderase por pasividade do concello a presentación de dúas denuncias reiteradas no prazo de seis meses sen que o denunciante obtivera ningunha resposta .

CAPÍTULO VI

Venda en poxa pública

Artigo 70. Concepto

1. Son vendas en poxa pública aquelas consistentes na oferta pública e irrevogable dun ben para os efectos da adxudicación do produto, mediante o sistema de poxa e dentro do prazo concedido para tal efecto, ao oferente que propoña un mellor prezo no curso dunha sesión pública convocada con esta finalidade.
2. A regulación das vendas en poxa pública contida na presente lei aplicarase, tanto ás efectuadas por empresas que se dedicaren habitualmente a esta actividade, como a aquelas que a realizaren ocasionalmente. Fican fóra do ámbito de aplicación da presente Lei as poxas xudiciais ou administrativas, as que se leven a cabo en lonxas e lugares similares e as poxas de títulos-valores que se rexerán pola súa normativa específica.

Artigo 71. Condicións

1. O contrato de poxa ou de venda en poxa pública deberá cumprir as seguintes condicións:
 - a) No suposto de os bens para vender en poxa pública non pertenceren á empresa que desenvolva esta actividade, as relacións co propietario de tales bens

axustaranse ao estipulado entre as partes, de conformidade coa normativa xeral sobre contratación.

- b) En defecto de pacto expreso, entenderase, que todos os gastos da venda en poxa pública, incluídos os de custodia e, no seu caso, taxación, corresponden á empresa de poxas, sen que a propiedade deba entregar por este concepto ningunha remuneración, fóra do prezo ou da gratificación establecido.

Tamén corresponderá á referida empresa, agás estipulación en contrario, a obriga de custodia e exposición dos bens e, no seu caso, os de inclusión no catálogo.

- c) A empresa poxadora deberá comprobar, no seu caso, o cumprimento dos requisitos establecidos na lexislación vixente para a protección do tesouro artístico, histórico e bibliográfico.
- d) A encarga de poxa deberá documentarse mediante un escrito en que se identificarán as partes, o obxecto e condicións da venda, así como a retribución da empresa poxadora.

2. A oferta da venda en poxa pública deberá reunir as seguintes condicións:

- a) Deberá conter unha descrición veraz dos obxectos que saen á referida venda, con identificación de se as súas calidades son certas ou, simplemente, supostas ou avaladas por determinado experto.
- b) En especial, cando, en salas especializadas en obxectos de arte ou de valor, se ofertar a venda en poxa dunha imitación ou dun artigo que, aínda que aparentemente precioso, non o sexa en realidade, deberá facerse constar, expresamente, esta circunstancia, tanto nos anuncios como nas invitacións das poxas.
- c) Cando se ofertar a venda en poxa dun obxecto ao que se achega o nome ou as iniciais dun determinado autor ou precisando que aparece asinado por este, considerarase que se vende como orixinal do devandito autor, excepto que constaren con clareza as oportunas advertencias.
- d) O disposto na letra c) do presente artigo será tamén de aplicación ás vendas de obxectos preciosos ou artísticos que se ofertaren ao público en forma distinta á poxa.

3. As relacións entre a empresa que efectúa a venda en poxa pública e os licitadores deberá aterse as seguintes condicións :

a) Unicamente poderá esixirse a constitución de fianza ás persoas licitadoras cando expresamente se consignase esta condición nos anuncios da venda en poxa pública.

En ningún caso, o importe das fianzas poderá ser superior ao cinco por cento do prezo de saída dos bens en cuxa licitación se queira participar.

b) A fianza constituída polas persoas licitadoras a quen non fose adxudicado ao remate deberá serlles reintegrada dentro do prazo máximo de tres días que contarán desde a finalización do acto.

c) Para o caso do rematante non satisfacer o prezo nas condicións en que se levou a cabo a adxudicación, perderá a fianza constituída que, en defecto de pacto, corresponderá ao titular do ben poxado, unha vez deducido o premio ou comisión atribuíble á empresa poxadora, sen prexuízo do dereito do vendedor a esixir o cumprimento do contrato.

Artigo 72. Documentación

1. Adxudicado un ben, consignarase inmediatamente por escrito e procederase á súa entrega unha vez satisfeito o prezo do remate ou a parte do prezo determinada nos correspondentes anuncios.

2. As vendas en poxa pública deberán, necesariamente, formalizarse mediante un documento público ou privado que, no seu caso, poderá ser concedido pola empresa poxadora como mandataria do propietario do ben vendido na poxa.

Artigo 73. Efectos da venda en poxa pública

1. A adquisición de bens mobles mediante unha venda en poxa público, conforme co previsto na presente lei determinará a súa irreivindicabilidade na forma establecida no artigo 85 do Código de comercio.

2. A empresa poxadora responderá solidariamente co titular do ben poxado polos vicios ou defectos ocultos da cousa vendido cando incumprir as obrigas de información contidas no artigo 71.2) da presente lei.

Artigo 74. Autorización.

A actividade de venda en poxa pública deberá ser autorizada polo concello en cuxo ámbito territorial vai ser realizada.

No caso de empresas que se dedicaren con carácter permanente a esta actividade, a autorización concederáse por unha soa vez e con carácter temporal ilimitado, sen prexuízo da súa oportuna revogación por incumprimento das condicións requiridas e, en calquera caso, despois do oportuno expediente administrativo.

CAPÍTULO VII

Venda Ocasional

Artigo 75. Concepto

Para os efectos desta lei, enténdese por venda ocasional aquela que consista na oferta de bens en establecementos, públicos ou privados, que non teñan carácter comercial permanente e habitual para esta actividade, por un período inferior a un mes e que non constitúa venda ambulante ou calquera outra modalidade de venda expresamente regulada na presente lei.

Artigo 76. Condicións

1. A actividade de venda ocasional deberá ser autorizada polo concello en cuxo ámbito territorial se desenvolver.
2. Na solicitude determinaranse, como mínimo os seguintes extremos:
 - a) Identificación da persoa vendedora.

- b) Descrición do produto, das súas características, así como da súa orixe.
 - c) Cumprimento dos requisitos fiscais e administrativos.
 - d) Título de uso do local.
3. Cando a venda ocasional supuxer a entrega inmediata do produto comercializado deberá indicarse á persoa compradora a existencia dun prazo de, cando menos sete días, durante o cal esta poida efectuar a correspondente devolución ou, no seu caso reclamación.
4. Se a entrega do produto se diferir no tempo será de aplicación á venda ocasional o disposto nos artigos 60 e 61 do capítulo III do presente título, relativos á venda a distancia.

TÍTULO VI.- DA ACTIVIDADE COMERCIAL EN RÉXIME DE FRANQUÍA

CAPÍTULO ÚNICO

Da Actividade Comercial en Réxime de Franquía

Artigo 77. Concepto e condicións

1. A actividade comercial en réxime de franquía é aquela que se leva a cabo en virtude dun acordo ou contrato polo que unha empresa, denominada franquedora, cede a outra, denominada franquiciada, o dereito á explotación dun sistema propio de comercialización de produtos ou servizos.
2. Na dirección xeral competente en materia de comercio constituirase un Rexistro de Franqueadores da Xunta de Galicia, de carácter administrativo e público, en que deberán inscribirse obrigatoriamente, con carácter previo ao inicio da actividade de cesión de franquías, as persoas físicas ou xurídicas que pretendan realizar en territorio galego esta actividade, sempre que teñan o seu domicilio social ou delegación ou representación en Galiza.
3. Regulamentariamente determinaranse os datos e os documentos precisos para a correspondente inscrición, así como as formas de coordinación cos rexistros análogos

doutras Administracións Públicas. O Rexistro de Franqueadores poderá constituírse como unha Sección do Rexistro de Comerciantes e Comercios de Galiza á que se refire o artigo 13 desta lei.

TÍTULO VII.- DAS ACTIVIDADES FEIRAIS

CAPÍTULO ÚNICO

Artigo 78. Concepto

1. Considéranse actividades feirais, para os efectos da presente lei, as manifestacións comerciais que teñen por obxecto a exposición, a difusión e a promoción comercial de bens e/ou servizos, fomentar contactos e intercambios comerciais e achegar a oferta dos distintos sectores da actividade económica á demanda, sempre que teñan unha duración limitada no tempo e reúnan a unha pluralidade de expositores.

En virtude das características da oferta exhibida, poderase practicar a venda directa con retirada de mercadoría, tras a autorización expresa da dirección xeral competente en materia de comercio.

2. Os certames comerciais definidos no número anterior recibirán a denominación de “feiras” cando a súa realización tiver carácter público e “exposicións” cando careceren do devandito carácter.
3. Regulamentariamente estableceranse, entre outros extremos, a clasificación, os requisitos e demais formalidades para cumprir polas súas entidades organizadoras, o procedemento de autorización e rexistro e o réxime de control das Feiras Comerciais.

TÍTULO VIII.- INSPECCIÓN E RÉXIME SANCIONADOR

CAPÍTULO I

Principios xerais

Artigo 79. Competencias inspectoras e sancionadoras

1. A Administración Galega, a través da Consellaría competente en materia de comercio, e os concellos, na medida das súas competencias, poderán inspeccionar produtos, actividades, instalacións e establecementos comerciais, así como solicitar aos seus titulares tanta información resultara precisa en relación con estes, co fin de garantir o cumprimento da presente lei e as súas disposicións de desenvolvemento.
2. Sen prexuízo das responsabilidades civís, penais ou doutra orde que puideren concorrer, os poderes públicos competentes en materia de comercio interior sancionarán as infraccións a esta lei, após instrución do oportuno procedemento sancionador.
3. Serán de aplicación aos procedementos derivados de infraccións recollidas na presente lei, as regras e os principios de sanción contidos na lexislación xeral sobre réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 80. Obriga de facilitar información

Os titulares das empresas, establecementos e actividades comerciais, así como os seus representantes e empregados, están obrigados a cumprir cos requirimentos e inspeccións que efectúe a Administración competente e os seus axentes, sobre o cumprimento das prescricións legais que regulen o exercicio da actividade comercial de que se tratar.

Artigo 81. Persoal da Inspección de Comercio

1. O Goberno da Xunta de Galicia creará, como máximo no prazo dun ano, un corpo de inspectores de comercio. En todo caso, o persoal especializado adscrito á Consellaría competente en materia de comercio levará a cabo a función inspectora, estará

acreditado para exercer esta función, e terá a obriga de exhibir a acreditación correspondente no curso das súas actuacións.

2. No exercicio das funcións inspectoras, o persoal inspector será considerado autoridade pública con todos os efectos e, sen prexuízo da dependencia orgánica e funcional á autoridade administrativa correspondente, actuará con total independencia e con estrita suxeición ao principio de imparcialidade. Así mesmo, poderá solicitar a cooperación das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, así como de calquera outra autoridade.
3. A actuación inspectora terá, en todo caso, carácter confidencial, e o persoal inspector estará obrigado, de forma estrita, a cumprir o deber de segredo profesional.
4. O persoal en funcións de inspección está facultado para ter acceso aos establecementos e examinar as instalacións, a documentación, os libros e os rexistros preceptivos da actividade comercial.
5. O persoal inspector levará a cabo a súa actuación mediante visitas aos establecementos comerciais obxecto de inspección e a través dos medios de investigación legais que considerar oportunos. En todo caso, do resultado de cada visita de inspección, el ou os funcionarios actuantes, levantarán acta sobre os resultados e feitos que corresponderen.
6. Determinarase regulamentariamente o procedemento da inspección e o contido das actas de inspección

Artigo 82. Funcións inspectoras

A inspección adscrita á Consellaría competente en materia de comercio realizará as seguintes funcións:

- a) Vixilancia e comprobación do cumprimento das disposicións legais e regulamentarias en materia de comercio.
- b) Comprobación dos feitos obxecto, tanto das reclamacións e denuncias de calquera persoa física ou xurídica, como das comunicacións de presuntas infraccións ou irregularidades.

- c) Asesoramento e informe sobre calquera materia comercial, mesmo o seguimento da execución de investimentos que fosen obxecto de axudas públicas.
- d) Calquera outra función inspectora que legal ou regulamentariamente se atribuír.

CAPÍTULO II

Infraccións

Artigo 83. Concepto e clases

1. Sen prexuízo das responsabilidades que doutra orde puideren derivarse, constitúen infraccións administrativas en materia de ordenación da actividade comercial, así como das institucións e actividades feirais, as accións ou omisións tipificadas na presente lei, as cales serán obxecto de sancións administrativas, tras a instrucción do correspondente expediente sancionador, iniciado de oficio ou por reclamación ou denuncia.
2. As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves.

Artigo 84. Responsabilidade

Son responsables polas infraccións tipificadas na presente lei, as persoas físicas ou xurídicas titulares das empresas, establecementos e actividades comerciais de que se tratar.

Artigo 85. Infraccións leves

Terán a consideración de infraccións leves :

- a) As simples inobservancias das disposicións establecidas na presente lei que non teñan repercusións económicas nin prexuízo para as persoas consumidoras.
- b) Non exhibir a necesaria autorización, homologación ou comunicación na forma legal ou regulamentariamente establecida.
- c) O incumprimento da obriga de informar ao público sobre os días e as horas de apertura e de peche dos establecementos comerciais, ou non facelo en lugar visible do devandito establecemento.

- d) En xeral, o incumprimento das obrigas establecidas nesta lei ou nas normas dictadas para o seu desenvolvemento, que non sexan obxecto de sanción específica.

Artigo 86. Infraccións graves.

Terán a consideración de infraccións graves :

1. Exercer a actividade comercial nos casos de prohibición, ou sen autorización previa no caso de que esta fose preceptiva, cando non constituía falta moi grave.
2. O exercicio simultáneo nun mesmo establecemento de actividades comerciais maiorista e retalista, sen mantelas debidamente diferenciadas ou sen respectar as normas específicas aplicables a cada unha destas modalidades de distribución.
3. Realizar vendas con perda, con excepción das autorizadas por esta lei, e incumprir as normas sobre facturas que recolle o artigo 11.
4. Exercer unha actividade comercial sen estar inscrito no Rexistro de Comerciantes e Comercios á que se refire o artigo 13 da presente lei, así como nos demais rexistros públicos en que fose preceptiva tal inscrición, ou non realizar as comunicacións ou notificacións á Administración Pública esixidas pola normativa vixente.
5. O exercicio da actividade de venda fóra dun establecemento comercial con incumprimento do disposto no artigo 19 desta lei.
6. A apertura do establecemento comercial en domingo ou en día festivo non autorizado para a realización de actividades comerciais, agás os que estiveren suxeitos a un réxime especial de horarios que os exclúa de tales limitacións.
7. A realización de actividades comerciais en horario superior ao máximo autorizado.
8. A venda baixo o anuncio ou a denominación de “vendas en rebaixa”, “vendas de saldos”, “vendas en liquidación”, “vendas con desconto” ou “vendas con obsequio”, así como a realización destas actividades, con inobservancia das características legais definidoras de cada unha delas.
9. A venda de artigos defectuosos, agás na venda en saldos.
10. A venda de artigos ou produtos baixo a denominación de saldos cando aqueles non se axustaren ao establecido nesta lei e cando os artigos en saldo non se encontraren debidamente separados do resto dos produtos non saldados.

11. O incumprimento do preceptuado no artigo 43.1, en canto á prohibición de simultanear a venda en rebaixas con outras vendas promocionais.
12. A venda en rebaixas, en liquidación ou con desconto de artigos adquiridos expresamente con tal finalidade.
13. O incumprimento da prohibición de venda realizada polo procedemento chamada “en cadea ou piramidal”, de acordo co establecido no artigo 39 desta lei.
14. O incumprimento do disposto nesta lei para a venda en rebaixas.
15. O falseamento, nas vendas promocionais, da publicidade da súa oferta.
16. O incumprimento do réxime establecido sobre entrega e canxe dos obsequios promocionais.
17. Modificar durante o período de duración da oferta de vendas con obsequio o prezo ou a calidade do produto.
18. A venda baixo o anuncio de venda en liquidación ou liquidación que non responda ao establecido nesta lei e a venda efectuada sen a comunicación previa esixida.
19. A realización de vendas a distancia incumprindo as condicións e limitacións que para as devanditas vendas establece a presente lei.
20. O anuncio de vendas como directas de fabricante ou maiorista con incumprimento do preceptuado por esta lei.
21. O incumprimento do réxime establecido legalmente para as vendas domiciliarias.
22. O incumprimento do disposto no artigo 63 respecto á recuperación do importe na venda realizada a través de mecanismos ou máquinas de venda.
23. A negativa ou resistencia a subministrar datos ou a facilitar a información requirida polas autoridades ou os seus axentes e funcionarios da Administración comercial no exercicio das súas funcións de comprobación e o subministro de información inexacta ou incompleta.
24. O incumprimento das disposicións administrativas relativas á prohibición de comercializar ou distribuír determinados produtos.
25. Exixir prezos superiores a aqueles que foren obxecto de fixación administrativa.

26. O incumprimento do prazo máximo de trinta días para o adiamento do pagamento de produtos de alimentación frescos e perecedoiros, así como o de sesenta días para os aprazamentos de pagamento relativos aos demais produtos de alimentación e gran consumo, agás, neste último caso, pacto expreso no que se prevexan compensacións económicas equivalentes ao maior aprazamento e das que o proveedor sexa beneficiario, sen que en ningún caso poida exceder do prazo de noventa días.

Para estes efectos, entenderase por produtos de alimentación frescos e perecedoiros aqueles que polas súas características naturais conservan as súas cualidades aptas para comercialización e consumo durante un prazo inferior a trinta días ou que precisan condicións de temperatura regulada de comercialización e transporte. Son produtos de gran consumo aqueles funxibles de compra habitual e repetitiva polas persoas consumidoras e que presenten alta rotación.

27. A falta de entrega polos comerciantes aos seus provedores dun documento que leve aparelhada execución cambiaria, con mención expresa da data de pagamento indicada na factura con relación aos produtos que non sexan frescos ou perecedoiros, nin de alimentación e gran consumo e para aqueles casos en que os comerciantes teñan acordado cos seus provedores adiamentos de pagamento que excedan dos sesenta días desde a data de entrega e recepción das mercadorías. Así mesmo, e para os anteditos produtos en que os comerciantes teñan acordado cos seus provedores adiamentos de pagamento superiores aos noventa días, o documento será endosable á orde.

En todo caso, o documento deberase emitir ou aceptar polos comerciantes dentro do prazo de trinta días, contados desde a data derecepción da mercadoría, sempre que a factura fora enviada. Para a concesión de aprazamentos de pagamento superiores a cento vinte días, o vendedor poderá exixir que queden garantidos mediante aval bancario ou seguro de crédito ou caución.

28. O incumprimento por parte de quen outorguen contrato de franquía da obriga da inscrición no Rexistro que poidan establecer as Administracións competentes.

29. Non deixar constancia documental da data de entrega de mercadorías polos provedores ou falsear este dato.

30. Incumprimento dos requisitos legais para a venda en poxa pública.

31. A reincidencia na comisión de infraccións leves.

Artigo 87. Infraccións moi graves.

Terán a consideración de infraccións moi graves :

1. O exercicio de actividades comerciais en Grandes Establecementos Comerciais individuais ou colectivos que non obtivesen a licenza comercial específica á que se refire o artigo 25 desta lei.
2. A negativa ou resistencia a subministrar datos ou facilitar a información requirida polas autoridades e os seus axentes no exercicio das súas funcións de inspección, cando se efectuar a través de violencia física ou verbal ou calquera outra forma de presión.
3. As infraccións cualificadas como graves, sempre que supoxesen unha facturación, afectada pola infracción, superior a un millón de euros (1 000 000.-).
4. A reincidencia na comisión de infraccións graves.

Artigo 88. Reincidencia

1. Entenderase por reincidencia a comisión, no período dun ano, de máis dunha infracción da mesma natureza, cando así fose declarado por resolución firme.
2. A pesar do sinalado no número anterior, para cualificar unha infracción como moi grave só se atenderá á reincidencia en infraccións graves e a reincidencia en infraccións leves só determinará que unha infracción deste tipo sexa calificada como grave cando se incorrer no terceiro suposto sancionable.

Artigo 89. Prescrición das infraccións.

As infraccións reguladas na presente lei prescribirán aos tres anos, as cualificadas de moi graves, aos dous anos as cualificadas de graves e aos seis meses as cualificadas de leves.

Estes prazos contaránse a partir da realización do acto sancionable ou do remate do período de comisión se se tratar de infraccións continuadas.

Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento da persoa interesada, do procedemento sancionador. O prazo de prescrición volverá a correr no caso de o expediente sancionador estar paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao presunto infractor.

CAPÍTULO III

Sancións

Artigo 90. Tipoloxía das sancións

1. As infraccións sinaladas na presente lei darán lugar ás seguintes sancións:
 - a) Apercibimento ao suxeito infractor.
 - b) Multa.
 - c) Incautación e perda da mercadoría.
 - d) Peche do establecemento ou suspensión da actividade comercial de que se tratar por prazo non superior a un ano.
2. Non terán carácter de sanción a clausura ou peche de establecementos que non contén coas autorizacións preceptivas ou a suspensión do seu funcionamento durante o tempo preciso para a súa regularización. Tales medidas acordaranse polo Consello da Xunta de Galicia por proposta da Consellaría competente en materia de comercio. Tampouco terán carácter sancionador as multas coercitivas que eventualmente puideran imporse, de conformidade ao previsto pola presente lei.

Artigo 91. Contía das multas.

1. As infraccións da presente lei serán sancionadas con multa cuxa contía establecerase coa seguinte graduación :
 - a) As infraccións leves sancionaranse con apercibimento ou multa de até 3000 euros.
 - b) As infraccións graves, con multa de 3001 até 30 000 euros.
 - c) As infraccións moi graves, con multa de 30 001 até 600 000 euros.

2. O Goberno Galego, mediante un decreto, poderá actualizar o importe das sancións previstas no número anterior en función das variacións que experimentar o índice de prezos ao consumo.

Artigo 92. Sancións accesorias

1. A autoridade a quen corresponda a resolución do expediente poderá acordar, como sanción accesoria, o comiso da mercadoría adulterada, falsificada, fraudulenta, non identificada ou que poida supor un risco para as persoas consumidoras, que deberán destruírse, no caso da súa utilización ou consumo constituíren un perigo para a saúde pública. Será, en todo caso, o órgano sancionador o que deba determinar o destino final que debe darse ás mercadorías decomisadas en cada circunstancia. Os gastos que se derivaren das operacións de intervención, depósito, comiso, transporte e destrución da mercadoría serán por conta do infractor.
2. O Consello da Xunta de Galicia poderá acordar, no suposto de infraccións moi graves que supuxeren un grave risco para a saúde, grave prexuízo económico ou tiveren unha grande transcendencia social, o peche temporal da empresa ou establecemento infractor por un prazo non superior a un ano.
3. A autoridade a quen corresponder a resolución do expediente ordenará o peche do establecemento e o cesamento da actividade de grandes establecementos que realizaren actividade comercial sen licenza comercial sen a pertinente licenza comercial ou contra os termos expresados nesta, con independencia da multa que lles puiden corresponder por tales feitos.

Artigo 93. Graduación das sancións

1. As sancións graduaranse, tendo en conta os seguintes factores :
 - a) A transcendencia social da infracción.
 - b) A situación de predominio do infractor no mercado.
 - c) A natureza dos prexuízos causados.
 - d) O volume da facturación á que afecta.
 - e) O grao de voluntariedade ou intencionalidade do infractor.

- f) A contía do beneficio obtido.
 - g) A capacidade económica.
 - h) O prazo de tempo durante o que se viñese cometendo a infracción.
 - i) A reincidencia.
2. Cando o beneficio que resultar dunha infracción for superior á sanción que lle corresponder, esta poderá incrementarse na contía equivalente ao beneficio obtido.
 3. Regulamentariamente poderán introducirse especificacións ou graduacións ao cadro de infraccións ou sancións establecidas nesta lei que, sen constituíren novas infraccións e sancións, nin alterar a natureza ou límites das que considera a Lei, contribúan á máis correcta identificación dos tipos de infracción ou a unha máis precisa determinación das sancións correspondentes.

Artigo 94. Órganos competentes para a imposición das sancións

1. A competencia para iniciar os procedementos sancionadores derivados das infraccións tipificadas nesta lei corresponderá a quen detente a titularidade das respectivas Delegacións Provinciais da Consellaría competente en materia de comercio, agás que unha disposición de carácter xeral establecer outra cousa.
2. A Competencia para a resolución dos expedientes sancionadores corresponderá:
 - a) Nos supostos de infraccións moi graves, ao Consello da Xunta de Galicia.
 - b) Nos supostos de infraccións graves, a quen desempeñe a titularidade da Consellaría competente en materia de comercio.
 - c) Nos supostos de infraccións leves, á persoa titular da delegación provincial correspondente da Consellaría competente en materia de comercio, cando afectaren unicamente ao seu respectivo ámbito territorial e á persoa titular da dirección xeral competente en materia de comercio nos casos de infraccións que afectaren ao ámbito territorial de dous ou máis provincias do territorio galego, así como naqueles outros casos en que corresponder a esta última a incoación do expediente sancionador por establecelo deste modo unha disposición de carácter xeral.

Artigo 95. Procedemento sancionador

1. O procedemento sancionador en materia de comercio interior substanciarase, no non previsto na presente lei, conforme ao disposto na normativa reguladora para exercicio da potestade sancionadora pola Administración da Xunta de Galicia, debendo respectarse os principios contidos na lexislación xeral correspondente ao réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.
2. O procedemento sancionador en materia de comercio iniciárase por acordo da persoa titular da dirección xeral competente en materia de comercio adoptado como consecuencia de calquera das actuacións seguintes:
 - a) Pola propia iniciativa do órgano competente en materia de comercio cando, por calquera medio, tiver coñecemento dunha presunta infracción.
 - b) Por orde do órgano superior xerárquico.
 - c) Por pedimento razoado da autoridade ou órgano administrativo que tiver coñecemento dunha presunta infracción.
 - d) Por denuncia de calquera persoa en cumprimento ou non dunha obriga legal.
3. Con carácter previo á incoación do procedemento, a autoridade competente poderá realizar actuacións co obxecto de determinar a concorrencia das circunstancias que xustifiquen, no seu caso, a iniciación do procedemento sancionador.

Artigo 96. Medidas cautelares

1. O órgano competente para a incoación do procedemento sancionador poderá acordar en calquera momento do procedemento, mediante resolución motivada e con audiencia previa da persoa interesada, a adopción das medidas preventivas adecuadas para asegurar a eficacia da resolución que, no seu caso, puidese recaer, así como cando concorreren circunstancias graves que afecten á seguridade das persoas ou dos bens, ou que supoñan un prexuízo grave ou de difícil reparación.
2. Estas medidas cautelares, que non terán o carácter de sanción, poderán consistir na clausura ou no peche de establecementos ou instalacións comerciais ou a suspensión

de actividades comerciais, así como a inmovilización de mercadorías. Tales medidas serán sempre proporcionadas aos obxectivos que se pretenda garantir coa súa adopción.

3. Poderá acordarse, de forma motivada e tras a audiencia da persoa interesada, a paralización das obras cando non se concedese a licenza comercial específica regulada no capítulo IV do título II desta Lei nos supostos nos que esta resultar precisa.
4. Estas medidas poderán manterse durante o tempo preciso até a rectificación dos defectos detectados e como máximo até a resolución do procedemento.
5. Con anterioridade ao inicio do procedemento sancionador, o órgano competente, de oficio ou a instancia de parte, nos casos de urxencia e para a protección provisional dos intereses implicados, poderá adoptar as medidas que procederen por razóns de seguranza. Tales medidas haberán de ser confirmadas, modificadas ou levantadas no acordo de iniciación do procedemento, que deberá efectuarse dentro dos 15 días seguintes á súa adopción.

En todo caso, as medidas adoptadas quedarán sen efecto no caso de non iniciarse o procedemento no antedito prazo ou se o acordo de iniciación non se pronunciar expresamente sobre tales medidas.

Artigo 97. Multas coercitivas

1. O órgano competente para sancionar poderá acordar a imposición de multas coercitivas, conforme o disposto no artigo 99 da Lei 30/92 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, unha vez transcorridos os prazos sinalados no requirimento correspondente. A contía de cada unha destas multas consistirá nun incremento da sanción establecida conforme aos seguintes criterios:
 - a) Nas infraccións leves e graves, ata un 10% da sanción establecida por cada día que pase sen atender a comunicación de cesar na actividade infractora.
 - b) Nas infraccións moi graves, ata un 20% da sanción establecida por cada día que pase sen atender a comunicación de cesar na actividade infractora.

2. O anteriormente disposto será de aplicación á clausura ou peche de establecemento prevista no apartado 2 do artigo 90 da presente lei.

Artigo 98. Publicidade e execución das sancións.

1. Sempre que concorra algunha das circunstancias de risco para a saúde ou seguranza das persoas consumidoras ou reincidencia en infraccións de natureza análoga, a autoridade que resolva o expediente poderá acordar a publicación, con cargo ao infractor e unha vez acadada a firmeza da resolución en vía administrativa, das sancións impostas como consecuencia do establecido nesta lei, así como os nomes, os apelidos, a denominación ou a razón social das persoas responsables e a índole ou natureza das infraccións no Diario Oficial de Galicia e a súa difusión a través dos medios de comunicación social que se consideraren oportunos.
2. As resolucións sancionadoras que poñan fin á vía administrativa serán inmediatamente executivas.
3. Todas as Administracións Públicas competentes na materia prestarán a debida colaboración para facer efectiva a exacta execución das sancións.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

Primeira.

A Administración da Xunta de Galicia dotará á consellaría competente en materia de comercio dos medios persoais e materiais precisos para asegurar o correcto funcionamento do Rexistro ao que se refire o artigo 13 desta lei.

Segunda.

A Administración da Xunta de Galicia dotará á consellaría competente en materia de comercio dos medios persoais e materiais precisos para asegurar o correcto funcionamento das funcións de inspección en, en especial, para o adecuado cumprimento do preceptuado polo artigo 81.1 desta lei.

Terceira.

A solicitude de licenza comercial específica devengará unha taxa por importe de 10 euros por cada metro cadrado de superficie útil de exposición e venda ao público. Esta taxa deberá ser aboada coa solicitude correspondente. A falta de pagamento da taxa determinará a non iniciación do procedemento. En todo o demais estarase ao disposto na lexislación vixente en materia de taxas e prezos públicos da Comunidade Autónoma de Galiza.

DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS

Primeira.

Para o caso de existiren solicitudes de licenza comercial en tramitación á entrada en vigor da presente lei e que se refiran a algún dos supostos para os que, conforme o capítulo IV do título II, resulte necesaria a licenza específica, deberán axustarse, no prazo dun mes desde a referida entrada en vigor, ás previsións nela contidas.

Así mesmo, a tramitación das licenzas municipais de actividade e de obras, iniciada con anterioridade á entrada en vigor da presente lei, deberá suspenderse mentres non se conceda a licenza comercial específica, sempre que as devanditas licenzas municipais se refiran a calquera dos supostos indicados no parágrafo anterior.

Segunda.

En tanto non se constituía o Consello Galego de Comercio previsto no artigo 14 da presente lei, os informes e consultas da súa competencia serán realizados pola actual Comisión Consultiva de Equipamentos Comerciais á que se refire o Decreto 341/ 1996, de 13 de setembro.

Terceira.

As persoas físicas ou xurídicas que, á entrada en vigor desta lei, exerzan unha actividade comercial que supuxer a súa inscrición obrigatoria no Rexistro de comerciantes e comercios de Galiza, deberán proceder a realizar a nomeada inscrición, no prazo máximo dun ano, a

contar desde a entrada en vigor do regulamento que desenvolva a regulación do referido Rexistro.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Única.

Á entrada en vigor da presente lei quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao previsto por esta.

DISPOSICIÓN FINAIS

Primeira.

Autorízase ao Goberno da Xunta de Galicia e á persoa titular da consellaría competente en materia de comercio para dictar as normas precisas para o desenvolvemento e aplicación desta lei.

Segunda.

A contía da taxa prevista na Disposición Adicional Cuarta poderá ser actualizada polo Consello da Xunta de Galicia, tendo en conta a variación dos índices de prezos ao consumo.

Terceira.

A contía das multas establecidas na presente lei, poderá ser actualizada polo Consello da Xunta de Galicia, tendo en conta a variación dos índices de prezos ao consumo.

Cuarta.

No prazo máximo dos tres meses seguintes á entrada en vigor desta lei, o Goberno Galego aprobará o Regulamento do Consello Galego de Comercio, previsto no capítulo V, do Título I deste texto legal

Quinta.

No prazo máximo dos tres meses seguintes á entrada en vigor desta lei, o Goberno Galego aprobará o Regulamento da Comisión de Equipamentos Comerciais, prevista no Capítulo IV, Título II da presente Lei.

Sexta.

O Goberno Galego aprobará nun prazo máximo de seis meses seguintes á entrada en vigor desta Lei o Plano Sectorial Territorial de Equipamento Comercial de Galiza establecido no Capítulo I do título II do presente texto legal.

Sétima.

A presente lei entrará en vigor aos vinte días seguintes á súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

